


ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán · outubro - novembro - decembro 2003]

¡¡¡ revolta en brión !!!




FERROL - GIJÓN, O EIXO DO MAL

AS FESTAS DA PARROCHEIRA

O "CONSTANTINO BELLÓN" E O "TEATRO ATENEA 2004"

Falamos de...Encontro de Ateneos Xentes...García Sabell Outras entidades...AGAFI As nosas tradicións...A Véspera de Tódolos Santos E ademais...SERVICIOS, BREVES, O PARNASO, MATA-RATOS e A PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE






nº 13



SUMARIO

O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 13
Outubro-Novembro-Decembro
2003

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1°
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneo-ferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99



REDACCIÓN
Lois Calvo Teixo, Fernando Ocampo Montesinos e María do Mar Villares Díaz

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Margarita Souto Fraga

DESEÑO E MAQUETACIÓN
María Marqués

ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Adriana Fernández Acebo, Asociación Dignidade-Ferrol, Asociación Galega de Fibromialxia, Beatriz Picos, Lois Calvo Teixo, Ricardo Pena, Rosa Méndez, Xosé Leira, Eliseo Zaera Ríos, Agustín Fernández Paz, Juan J. Burgoa, Modesto Fraga, Salvador García Bodaño, Andrés Pena, Alexandre Nerium, Genma Sanz

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza: BODEGA 147, CADENA DIAL, DISTRIGALICIA, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLIKA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, LIBRERÍA LIMIAR, FOTOS JOSBE, CENTRO COMERCIAL ABERTO BARRIO DA MAGDALENA, VIAJES PACO, CONCELLO FERROL TURISMO, CONCELLO FERROL EDUCACIÓN, CAIXANOVA.



EDITORIAIS

Pasaron as eleccións do 2003, mais non pasaron de todo, aínda quedan flocos por resolver, ...

En Galicia, grandes expectativas, grandes esperanzas e grandísimas decepcións cos resultados.

Era normal que o electorado, canso dunhas políticas monótonas e algo aburridas, excitado por uns acontecementos duros e difíciles para todos, o "PRESTIGE" e a "GUERRA", pero sobre todo disconforme co xeito de levalos, agardase, nunha ampla proporción, quizais non tan alta coma se pensaba, unha ocasión singular para manifestar o seu rexeitamento a esa situación dándolle a confianza a outras opcións de goberno.

Pero non foi así en liñas xerais. Polo contrario, en zonas de especial sensibilidade repetiron ou incluso reconquistaron o poder os que estaban sendo censurados polos seus modos de facer ...

Unha análise profunda daría para moitas consideracións, e reflexións, pero observando os resultados que máis nos afectan, os da nosa cidade, FERROL, o panorama non é certamente para entusiasmarse. Non houbo gañadores claros e si un gran perdedor en principio sobre o papel. O primeiro mes despois das eleccións foi realmente penoso ata que se acadou por fin un acordo de goberno, aparentemente precario pero que empezou a funcionar.

Como en política non hai nada predeterminado, temos que esperar que, dadas as características peculiares da nosa cidade, esa coalición prendida con alfinetes sexa quen de acadar solución a problemas endémicos desta cidade, problemas nos que teñen moito que achegar as Administracións superiores, autonómica e central en sintonía, alomenos partidaria, coa coalición ferrolá.

A paralización por falta de cartos é algo absolutamente inadmisible. ⌘

ATENEO FERROLÁN

Por simple humanidade, que non humildade, todos pensamos que o mellor sempre é o noso e, na mesma liña, que o que nós facemos, ou cómo coidamos que debería de facerse, é o correcto.

Isto vén a conto pola repetición que, ano tras ano, ou máis ben lexislación tras lexislación, alcalde tras alcalde vemos que sucede, cando menos en Ferrol: todo canto se fixo anteriormente, de súpeto, non vale para nada e ¡volta a empezar! Volta a empezar e parir proxectos, volta a iniciar xestións, xa que canto falaches cos anteriores non valeu para nada e tes que repetir, por enésima vez, os mesmos argumentos para tentar de ter un seguimento e acadar unha continuidade que, en moitas cousas, por non dicir en todo, é fundamental. ¡Mágoa de enerxías perdidas! Perdidas xa que esas enerxías estaban mellor empregadas en traballar sobre o feito para mellora-lo producto que estás a vender. Pensamos nesa frase que ós nosos políticos lles queda tan ben: ¡Os intereses de Ferrol están por riba do partido!

Non imos falar de cousas concretas pois, máis de un podería sentirse afectado e iso non é o noso interese. Os nosos tiros van noutra dirección que atopamos máis importante. Dende a humildade e ó noso entender, coidamos que os pobos que parten da súa realidade son os que camiñan e avanzan, aínda que sexa a pouquiños, e co tempo vanse vendo eses logros. Aquí si que nos atrevemos a concretar só para resaltar un pouquiño dos moitos espellos a mirar sen saír de Galicia e do noso ambienta: Festival de Ortigueira; O asalto ás Torres de Catoira ou mesmo a Batalla de Elviña, na Coruña.

Todos e cada un deles comezaron pola idea dalgúns que soamente coidaron en facer algo polo cal se falara do seu pobo, ¡sen máis! Hoxe son unha realidade que lanza nome e sona para o seu lugar, converténdose nunha fonte de turismo e riqueza para a vila-cidade e, aí é onde queremos supoñer que iso foi polo traballo e apoio ou firme aposta que recibiron as diferentes persoas ou entidades organizadoras por parte das administracións afectadas.

Aí é onde xogan as cativas ou amplas miras do político de turno. A diferencia é moi clara entre valernos todo ou apostar por aquelo que ofrece algo digno. É así de claro, que non duro, ¡deixar de querer controlar todo e deixar xogar e axudar ós que teñen algo que achegar!

Ferrol é unha realidade e Ferrol ten moito que dar a nivel historia, a nivel turismo, a nivel cultural, artístico e deportivo, desenvolvemento en tódolos eidos. Máis o que botamos de menos os ferroláns, vendo como medran outras zonas é que alguén se molle e aproveite todo o gran potencial que existe na nosa cidade. Para iso fan falla dúas cousas: Compromiso e Aposta. E cando falamos de potencial é tan sinxelo como aproveita-los propios recursos como entidades e persoas que teñen demostrado ano tras ano as súas capacidades e visión de conxunto, cada unha no seu espacio.

Cando así falamos non o facemos en abstracto e aquí atrevémonos a poñer exemplos pois son reais e están aí polo traballo e vontade das entidades e persoas que as puxeron a andar e afortunadamente, para nós e para Ferrol, seguen a manterse, o cal dubidariamos se dependese soamente das administraccións:

O Pantin Classic do Océano Club Surf; o Constantino Bellón na súa 13ª edición organizado polo Ateneo Ferrolán; a Marcha de Brión, do Club de Montaña e mesmo a recreación da Batalla de Brión, saída desa Marcha e feita pola coraxe duns poucos que seguen adiante pese ós atrancos atopados e ter demostrado o seu benfacer no 2000 e no 2003.

Abonda con eses casos, hai moitos máis, para valora-las posibilidades e capacidade de mobilización e riqueza que xerarían a pouco que tiveran un verdadeiro apoio. Sería tan sinxelo como arrexuntar a todos aqueles que teñen algo que dicir e achegar para face-lo futuro de Ferrol, pero alguén ten que velo.

Quizais aínda é tempo. Por nós que non quede. Iso si... ¡ENTRE TODOS E TODAS! ⌘

ATENEO FERROLÁN

SERVICIOS



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA - HEMEROTECA

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



LABOR GALEGA 2003

OBJETIVOS CUMPLIDOS




LABOR GALEGA 2003

III FESTIVAL DAS COMUNIDADES


JORNADAS TRADICIONALES ORGANIZADAS POR TOXOS E FROLES EN FERROL

UN ANO MÁIS

REAL CORO TOXOS E FROLES




Anuario da Gaita. 2002
Nº 17
Edita: Escola Provincial de Gaitas da Deputación de Ourense
D.L.: Ou-92/98




Revista Galega de Ciencias sociais
Nº 1
Edita: Asociación galega de ciencias sociais
ISSN: 1695-6427



Cátedra
Nº 10
Edita: Concello de Pontedeume
ISSN: 1133-9608




Andaina. Revista galega de pensamento feminista
Nº 35
D.L.: C-1146-88



A Xanela. Revista cultural das Mariñas
Nº 15
D.L.: C-1696/96



El Pateo. Revista crítica de las artes escénicas
Nº 13
Ed. Asociación de empresas productoras de artes escénicas da Comunidade de Madrid
D.L.: M-47660-1999



Guía dos libros novos. Revista de cultura e pensamento
Nº 1
Edita: Rdo Comunicación Cultural
D.L.: C-1498-03

OBRAS DE REFERENCIA

Enciclopedia Galega Universal
Ed. Ir Indo

Enciclopedia Británica


Anuarios de Difusora internacional

Gran Enciclopedia Gallega

Enciclopedia *Proxecto Galicia*
Hércules de Edicións. Tomo XXXIX

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA - HEMEROTECA


NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



Músicas do Caurel
Xosé Luís Foxo
Ed. Edenia
D.L.: OU-23-98




DEZ. EME
Memoria 2002
Fundación 10 de Marzo
ISBN: 84-8457-150-5



Bazán y Ferrol
¿una simbiosis perfecta?
Amadeo Varela Rodríguez
Edicións Embora
ISBN:84-95460-26-2



A casa da Luz
Xabier P. Docampo
Ed. Xerais
ISBN: 84-8302-884-0



Catálogo de encaixe galego tradicional
Concepción Canoura Leira
Ed. Xunta de Galicia
D.L.: Po-253/2002



Relatos para ver mundo
Guillermo Llorca Freire
Edicións Embora
ISBN: 84-95460-22-X



O soño do falcón
Xabier Iglesias
Ed.Toxosoutos
ISBN: 84-95622-86-6




Historia de PCE en Galicia
(1920-1968)
Víctor Santidrián Arias
Edicios do Castro
ISBN: 84-8485-079-X



A Escuela Racionalista de Ferrol
Eliseo Fernández
Edita Ateneu Libertario
"Ricardo Mella"
A Coruña

PRENSA DIARIA

Diario de Ferrol	**O Correo Galego**	**A Nosa Terra**	**El País**
La Voz de Galicia	**Faro de Vigo**	**Galicia Hoxe**	**El Mundo**




LUIS LOUREIRO FEAL


Socio nº 47 do Ateneo Ferrolán

Tiñamos unha homenaxe preparada e sorprendeunos coa súa marcha. En silencio, dende a súa progresiva debilidade, despois de repetidas recaídas e recuperacións, foise coma unha candela que se esgota.

Outro bo e xeneroso, de forte carácter nos seus bos tempos, sempre con ideas claras, sabendo ben o que quería e o que debería ser, co obxectivo posto na excelencia.



Técnico cualificado na BAZÁN, experto na Tecnoloxía de Submarinos, estudiante permanente, Presidente da Asociación de Enxeñeiros Técnicos Navais de Galicia, profesor na Escola Politécnica de Ferrol, licenciado en Pedagoxía e Filosofía, graduándose en Humanidades despois de xubilado. Fixo incursións na política coa teima da recuperación dun partido galeguista e no asociacionismo dispoñendo un local da súa propiedade para unha aula aberta de encontros, diálogos e debates, chamada NOEMA, creo recordar.



Xornadas de Enxeñeiría Naval (1994)

Un home máis que se vai, despois dunha admirable traxectoria e de desbaldir esforzos e vontade de ferro, mesmo superando unha tremenda "apoplexía" que venceu en loita titánica recuperando o 90% das funcións perdidas. Incansable na loita por acadar unha Asociación e un Colexio Profesional de Enxeñeiros Técnicos Navais co nivel de autonomía en Galicia que a lexislación aconsella

Luis Manuel, Tito para os máis achegados, unha forte aperta, verémonos!

ATENEO FERROLÁN

«Outro bo e xeneroso, de forte carácter nos seus bos tempos, sempre con ideas claras, sabendo ben o que quería e o que debería ser, co obxectivo posto na excelencia».



25 Aniversario da 1ª promoción de Enxeñeiría Técnica Naval (1994)

GARCÍA SABELL

Por Eliseo Zaera Ríos

O saúdo habitual nos catro ou cinco encontros que tiven con D. Domingo, despois de que eu me presentara, era, cunha aperta efusiva e familiar: *¡.... hombre, un nieto de mi maestro!*.

Efectivamente, meu avó materno, ("Papá Daniel na familia) e Daniel Ríos Noya en Santiago foi o seu mestre no Colexio Maior que rexentaba, onde tamén se forneceron un bo número de doutores como Fuentes Noya, Jorge Echeverri, Mini, ... e outros. Tivo unha intensa relación coa miña familia santiaguesa, e teño unha nebulosa idea de velo na casa das miñas tías-avoas, Lola e Consuelo, (enriba da Confeitería "MORA" na Rúa do Vilar) que eu visitaba sempre que paraba en Santiago camiño do colexio de A Garda, ós meus 9-13 anos.

Recordo, tamén en nebulosa, historias simpáticas da vida doméstica de Santiago do primeiro tercio do século pasado, nas que tiña un papel protagonista e singular o castizo pai de D. Domingo.

Fóisenos D. Domingo. Fóisenos García Sabell, mais déixanos un gran legado. Como é normal, e xusto neste caso, dende o pasado día 5 de agosto, data do seu pasamento, vimos na prensa diaria toda clase de recensións, comentarios e glosas desta figura inesquecible da intelectualidade galega.

Non me gusta moito dende a miña humilde posición a clasificación de "galleguista". Góstame máis nomealo como galego universal. As súas achegas nos eidos de medicina, o ensaio e a cultura en xeral a nivel de Galicia, España e Europa acadan cotas difíciles de igualar. Pero por riba dese caudal inmenso de obras, participación en xurados, presidencias de Entidades Culturais, exercicio destacado da profesión médica, participación en foros internacionais de estudios e investigacións, .. etc., eu quero destacar a figura humana coas calidades que D. Domingo cultivou nun grao máximo: diálogo, compresión, tolerancia, respecto e un esforzo permanente por comprender e se era posible axudar ó próximo. Hai quen lle censura, non só a el, unha certa "tibieza" política. Compréndoa perfectamente e as súas contribucións claras e indiscutibles nas institucións netamente galegas, a súa posición máis de Delegado de Galicia diante do Goberno, que Delegado do Goberno en Galicia, apontoada, penso, pola súa profunda amizade co Rei, explican esa aparente tibieza que responde máis a unha visión de longo alcance e a unha consecuencia dos seus saberes que a unha debilidade de actitude, e moito menos de ideas.



Domingo García Sabell debuxado por Fer

D. Domingo García Sabell, un bo e xeneroso que de seguro descansa en paz. Dende o ATENEO FERROLÁN unha aperta nas estrelas.



Ás veces as chamadas, ainda habendo moita xente, parece que se perden no deserto e ninguén resposta. Pero de cando en vez xorde unha persoa, o artista, o inquieto ou inconformista que non quere perder os seus recordos e quere comunicar e transmitir experiencias, vivencias, **LEMBRANZAS**.

Pedímolo algunha vez nesta REVISTA. Hoxe podemos iniciar a publicación dunha interesante achega dun home enteiro, oitenta e catro anos de plenitude, vital artística e humanamente.

Iníciase esta sección co título que o autor puxo ós seus relatos: **LEMBRANZAS**.

En sucesivas entregas iremos coñecendo episodios, experiencias da vida deste grande artista, pintor, poeta e home de profundos sentimentos: **RICARDO PENA**.

LEMBRANZAS DE...
RICARDO PENA

A NENEZ




Sendo xa octoxenario aparecen na miña mente moitas das cousas e acontecementos que sucederon ó longo da miña vida, tanto no fogar e no pobo que me veu nacer, como nesta nosa nación que é España.

Ós poucos días de nacer na rúa do Carmen na casa de María, unha tía do meu pai, leváronme para Fene, á casa da miña avoa Francisca. Aquí, miña avoa tiña algunhas leiras da súa propiedade nas que lembro a miña pobre nai traballando duramente a terra, plantando patacas, sementando maínzo, trigo e outros legumes para alimentar ós catro da familia: avoa, nai e dous fillos.

Ó meu pai, ó igual que ós meus cinco tíos (todos eles irmáns da miña nai) enguliunos a emigración, cousa que era moi corrente en todas as familias de aqueles tempos. Meus tíos case todos morreron por aquelas terras, e a axuda de meu pai ó fogar era escasa e de tarde en tarde. Por este motivo, ó morrer miña avoa houbo que vender unha boa parte das propiedades de que dispoñía, incluso os animais domésticos que durante tantos anos foran o alimento primordial dos nosos almorzos.

Deixamos Fene e fomos vivir a dous quilómetros de Ferrol, cando eu tiña uns seis ou sete anos; e aquí en Ferrol transcorreu o resto da miña vida.

No mercado ferrolán, miña nai dedicouse á compra –venda do que ela mellor coñecía: hortalizas e legumes. Co escasísimo diñeiro que sacaba deste traballo sacounos adiante a miña irmá e a min ata que eu, ós catorce anos, comecei a traballar para axudar un pouco ás necesidades da vida que, como é natural, era moi diferente á que se vive hoxe. E non era o único que a esta idade tan temperá tiña que pasar por este evento, era case que xeral que naquel tempo a maioría dos rapaces tiñamos que procurar aprender unha profesión para abrirmos camiño na vida e máis tarde ocupar un posto de traballo, porque eso de vivir á custa dos teus pais ata os vinte anos non era de xustiza, a non ser por causa dalgunha enfermidade.



Vello gravado da Porta Nova da Praza

Había dúas opcións para elixir unha profesión: ou de terra ou de mar. Algún dos meus compañeiros do colexio elixiron a mariña; mais así como o mel non se fixo para a boca do asno, tampouco a vida militar se fixo para todos.

A ESCOLA

Comecé os meus primeiros estudios na escola de D. Rafael Barbeito, escola pública, como a maioría naquel tempo. Habíaas de "pago", mais podo afirmar que as públicas non lles tiñan nada que envexar.

Neste mesmo centro escolar continuei os meus estudios, pero con outros mestres e doutra maneira. Agora as clases eran nocturnas e ó regreso do traballo. A estes mestres que lembro sempre con gratitude e cariño, ninguén os obrigaba a traballar dúas horas máis todos os días, pero a súa encomiable condición de auténticos pedagogos non permitiu que un bo número de rapaces nos quedasemos atrapados na escura noite do analfabetismo.

Os sábados pola tarde (que non tiñamos traballo por aquelo da "semana inglesa"), invitábannos a saír ó campo para estudiar no "seu propio laboratorio" Historia Natural. Lembro atravesar os montes de Liñares e Martín, e ó seu paso por estes lugares, tomando unha flor mostrábannos a súa composición: corola, pétalos, antera, estambres, pistilo, cáliz e ovario. E achegándonos ó mar, mostrábannos as clorofitas que compoñen as algas, os musgos e os felgos.

Achegándonos ó Castelo de San Felipe recibiamos outra lección de historia, para darnos a coñecer que, tanto o castelo como o pobo deben o seu nome a Felipe II, que foi o que o mandou construír.

Noutro deses paseos tan proveitosos, recibiamos outra lección máis. Esta era de física. Na enseada dos Corrais (enseada desaparecida a consecuencia do tremendo recheo que se fixo e que hoxe ocupa o polideportivo e pista de atletismo) explicábannos diante dun bote flotando, o principio de Arquímedes, no cal *"todo corpo somerxido nun líquido perde parte do seu peso igual ó do volume do líquido que despraza"*. ¿E isto valeume a min para algo? Pois si. A maior parte da miña vida tra-



ballei nunha industria naval; e cando tiña coñecemento de que se colocaba unha quilla para un buque de 170.000 toneladas de "desprazamento", entendíao perfectamente gracias ó meu querido mestre D. Jacinto.

Os venres tocaba literatura, con dereito a levar o libro para casa e poder lelo detidamente. Lembro algún deles: "El Quijote", "Miguel Estrogoff", "Abajo las armas", "Las ruínas de Palmira", ... e así un longo etc..

Quedaría incompleto este relato sobre a ensinanza dos meus tempos se non recordase a fermosa Festa da Árbore.

A Festa da Árbore, ademais de ser unha estupenda lección de ecoloxía, era algo moi especial tamén para todos os nenos e nenas das escolas da comarca; porque ademais de facer novos amigos, tomabamos todos xuntos a merenda coa que nos obsequiaban, que consistía nun cornecho de pan e unha onza de chocolate. A cousa non era de moito luxo, mais a nós parecíanos unha larpeirada.



«Muíño»

Lembro participar nesta fermosa festa en Maniños, Valón e Serantes.

En Maniños aínda se conservan algunhas destas árbores; en Valón desapareceron todas, e en Serantes hai pouco que se cortou a última que quedaba; o seu tocón de máis dun metro de diámetro pode verse aínda fronte ó Centro de Saúde, edificio que pertencía ó novo Concello de Serantes. No campo deste Concello lembro que se plantaron moitas árbores, así como lembro tamén que as arrincaron para construír alí as actuais casas sindicais.

Este novo Concello foi construído en plena República. Anteriormente o Concello de Serantes estaba nos Corrais, adosado á casa onde viviron os Torrente Ballester; e de alí, trasladárono o novo edificio que, como xa dixen, está hoxe dedicado ó Centro de Saúde. Anteriormente a este centro médico estivo alí situada a Escola Pública de Serantes, escola na que cursou os seus primeiros estudios meu fillo Ricardo que, cousas da vida, uns cantos anos máis tarde este mesmo fillo sería o director deste centro escolar.

Hoxe fálase moito de ecoloxía, mais cando se cortaron todas as árbores que había polas estradas co fin de dar sombra ós camiñantes, ninguén protestou. E ¿por qué? Porque era "un estorbo para don coche".

Pero a min, que como pintor pasei a maior parte da miña vida metido entre a nai natureza, o que máis me doe é ver a nosa fermosa terra afeada con horrorosos eucaliptos...

«...pasei a maior parte da miña vida metido entre a nai natureza».

AGARIMOSA LEMBRANZA

O muiño xa non moe,
Xa non é o quera antes
Aquel muiño da feira,
Feira do dous, en Serantes.

Lémbrome daqueles tempos,
Tempos de fame é tristura
Cando da tua fariña
Facían as nosas nais
Dourado pan de mestura.

Traballache sempre a reo
Para nosa xente atender;
Por eso, vello muiño
Aínda que os demáis te esquenzan
Eu non te ei de esquencer.


Sempre a moa dando voltas
Ceibando fariña adiante
Con só a escasa enerxía
Da auga que recollía
O regato de Pescante.

Xa torna a xente da feira
Cos seus desexos cumpridos,
Mentras ti te quedas só
Na escura noite
Dos esquencidos.


As augas do río da feira
Pasan bicando o teu lar,
Pero como xa non moes
Se alonxan pouquiño a pouco
Polo camiño do mar.

Non queda moito de ti,
Pero sempre serás lembrado,
Porque nun dos mellores lenzos
ei deixarte ben pintado.

RICARDO PENA



Pintando un paisaje nevado en A Capela



PROGRAMAS DA ASOCIACIÓN "DIGNIDADE"-FERROL

PROGRAMA DE COMEDOR SOCIAL:
Trátase de cubrir a necesidade básica de manutención e alimentación das persoas que carecen de recursos económicos, ou ben que pertencen ó colectivo de "os sen teito". O Programa funciona as fins de semana de todo o ano.

PROGRAMA DE COMEDOR SOCIAL SOBRE RODAS A DOMICILIO:
O Programa está dirixido á área de actuación da *marxinación*; persoas que polas súas características biopsicosociais non teñen cuberta a necesidade básica da manutención.

PROGRAMA DE VIVENDA TUTELADA DIRIXIDA ÁS PERSOAS CON PROBLEMAS DE INADAPTACIÓN E EXCLUSIÓN SOCIAL:
Este programa está funcionando dende xaneiro de 2002. É un centro residencial destinado a acoller transitoria e temporalmente a persoas en situación de exclusión social, que serve de soporte convivencial, ofrecendo aloxamento, manutención e apoio educativo.

PROGRAMA DE ATENCIÓN A FAMILIAS INMIGRANTES:
Consiste nun programa de integración social para mulleres inmigrantes, en particular en materia de vivenda e protección social.

PROGRAMA DE CAMAS HOSPITALARIAS:
Mediante un acordo de cesión temporal de uso de mobiliario no sanitario entre o Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide - Profesor Novoa Santos e a Asociación Dignidade-Ferrol, e a través da Unidade de Traballo Social do citado Complexo, xestiónase o Programa de Camas Hospitalarias; dirixido a pacientes que, tendo recibido asistencia sanitaria nas dependencias do Hospital e causando alta hospitalaria, precisan, dadas as secuelas e entidade do proceso patolóxico que padecen, dispoñer no seu domicilio de mobiliario non sanitario adaptado, e non dispoñen de recursos sociais nin económicos para atallar a dita situación.

PROGRAMA DE CASA DE FAMILIA PARA MENORES:
A finalidade deste programa é a atención de menores, tutelados pola Administración Autonómica ou en situación de garda, nun Centro de Menores dependente da entidade "Dignidade"-Ferrol.

PROGRAMA DE REPARTO DE ROUPA, ALIMENTOS, MOBLES E XOGUETES:
Un día á semana impártese este Programa, que se xustifica na cobertura das necesidades primarias de alimentación, vestido, condicións mínimas de habitabilidade da vivenda e o ocio dos menores. Vai orientado a individuos e familias que están próximos ou por debaixo do limiar da pobreza.

PROGRAMA DE PERRUQUERÍA SOCIAL:
Funciona un día á semana, e está encarnado na figura dunha perruqueira titulada voluntaria. A ela acoden tanto homes como mulleres.

PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA PARA A ERRADICACIÓN DA POBREZA DO MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS (REDE DE SOLIDARIEDADE):
A través dos programas anteriormente mencionados colabórase co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais na atención psicosocial ás bolsas de pobreza existentes na cidade de Ferrol e comarca.

Este Programa está subvencionado polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través da Consellería de Asuntos Sociais.

COLABORACIÓN NUN PROGRAMA DE CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTO DUNHA ESCOLA DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL NO CENTRO DE APOIO Á INFANCIA EN MOZAMBIQUE:
Consiste na construcción dun edificio de dúas plantas, constituído por 8 aulas e 2 aseos e dotado de equipamento docente.


ANÁLISE DA REALIDADE:
Basicamente e a grandes rasgos, estas son as actuacións que actualmente estánse a desenvolver dende a Asociación "Dignidade"-Ferrol; gracias sobre todo a un grupo de voluntarios coordinados por un equipo de profesionais da área psicosocial, mais tamén coa colaboración de distintos organismos tanto públicos como privados.

O suposto de que as *necesidades sempre superan ós recursos*, cúmprese con creces á vista do volume de persoas que acoden á asociación demandando axuda, e que continúa incrementándose. Pero ante a actual conxuntura económica, que consiste nun recorte xeralizado das partidas presupostarias en materia de acción social, dende a entidade vémonos obrigados a non poder axudar a máis persoas nin familias; porque todos os programas mencionados requiren de recursos económicos para a súa execución.

Ante isto, a previsión que facemos é que aparte de non poder atender a máis persoas, teremos que interromper o funcionamento dalgún dos programas polos motivos expostos. O **déficit** a todos os niveis que observamos nos usuarios da asociación, en moitos casos non poderá ser paliado, simplemente –pero á vez tan complexo– pola carencia de recursos económicos.

Pero a pesar de todo, queremos agradecer a tódalas entidades públicas e privadas o esforzo que están a realizar para que dende a Asociación "Dignidade"-Ferrol poidamos continuar axudando a PERSOAS.

«Queremos agradecer a tódalas entidades públicas e privadas o esforzo que están a realizar para que dende a Asociación "Dignidade"-Ferrol poidamos continuar axudando a PERSOAS».



ASOCIACIÓN GALEGA DE FIBROMIALXIA
AGAFI

¿QUÉ É A ASOCIACIÓN DE FIBROMIALXIA (AGAFI)?

AGAFI é unha institución de carácter benéfico, sen ánimo de lucro, formada por persoas afectadas por esta doenza.

Foi constituída en setembro do ano 2000, e desenvolve as súas actividades en toda Galicia.

¿QUE É A FIBROMIALXIA?

É unha enfermidade crónica que ocasiona dor musculoesquelética xeneralizada ou localizada e un esgotamento profundo, acusándose de forma máis aguda por ciclos. O 90 % das pacientes son mulleres entre os 25 e os 55 anos na maioría. Afecta a un 3 % da poboación.

O problema desta doenza é que non aparecen lesións concretas. As probas analíticas e radiolóxicas son normais. O criterio actual de diagnóstico, establecido polo Colexio Americano de Reumatoloxía en 1990, esixe a presencia da dor, ó exercer presión, polo menos de 11 dos 18 puntos dolorosos ou sensibles.

A sintomatoloxía básica (rixidez e debilitamento muscular, alteración do sono, falta de concentración, irritabilidade) é común, aínda que poden referir outros. A OMS recoñécea como enfermidade no ano 1993.

Descoñécese a orixe da enfermidade e un tratamento efectivo e curativo.

¿QUÉ OBXECTIVOS PERSEGUE AGAFI?

- Ser un espacio de encontro para as persoas afectadas por esta doenza, ofrecendo apoio, información e orientación.
- Promover a conciencia social con campañas informativas e foros de debate sendo parte activa e afectada.
- No ámbito sanitario, a implantación dun programa de acción sanitaria, cun protocolo de intervención médica que agrupe criterios en torno ós afectados de FM, cun apoio integral de capacitación, avaliación e sensibilización dos profesionais da sanidade (medicina xeral, especialistas en reumatoloxía, rehabilitación e neuroloxía, psicólogos, E.V.I., Inspección médica...)
- Impulsar a investigación da súa etiopatoxenia e dun tratamento efectivo, promovendo ós organismos públicos que a incluan dentro dos Plans Nacionais de I + D.
- Valoración e puntuación da FM nos certificados de minusvalías.
- No ámbito laboral, a recolocación do afectado de fibromialxia (FM) na súa empresa, incluíndoo nos grupos de saúde sensible dentro do estatuto dos traballadores.
- No ámbito xudicial, o recoñecemento das incapacidades po FM desestimadas por sanidade, como país integrante da Unión Europea.

Asociación Galega de Fibromialxia (AGAFI)
Sede Central
Rúa do Home Santo, 10 baixo
15703 **Santiago de Compostela**
Tlfno. 981 - 574 593
e-mail: agafi@airtel.net
páxina web: www.airtel.net/personal/agafi

Ferrol
Responsable Zona: Rosa María Milleiro
Tlfno. 619-903 210

TERAPIAS ALTERNATIVAS PARA A FIBROMIALXIA. *Os tratamentos baséanse en que calquera órgano debe estar ben alimentado para poder funcionar ben só cos alimentos habituais, glícidos ou hidratos de carbono, lípidos ou graxas e aminoácidos ou proteínas, ou tamén con minerais e vitaminas.*

- ✓ *O equilibrio emocional é fundamental*
- ✓ *A relación constante cos demais e unha boa información, tanto en pacientes coma en familiares sobre a súa situación.*
- ✓ *Osixenación: O ejercicio físico e mental axuda a conducir o osíxeno a tódolos órganos do corpo.*
- ✓ *Medicación a base de plantas naturais.*

TERAPIA NUTRICIONAL. *Dieta terapéutica e suplementos de vitaminas e minerais. Azucre natural: hai que evitar productos doces (pasteis e galletas) porque conteñen moito azucre refinado e graxa, podemos atopar azucre beneficioso no mel, na froita...*

VITAMINAS E MINERAIS. *No caso da fibromialxia non hai que esquecer, por ser moi importantes, os suplementos de vitaminas e minerais que, normalmente, levan os alimentos.*

CONTROL DO ESTRÉS. *Os estados emocionais poden producir un estrés mental moi importante e agravar a enfermidade; nestes casos a axuda dun psicoterapeuta pode ser moi importante. Unha das terapias alternativas que mellor actúan sobre os estados emocionais son as Flores de Bach. No tocante ó estrés físico, non hai nada mellor que a meditación, as técnicas de relaxación e as masaxes.*

EXERCICIO. *Andar cada día una anaco é fundamental. Nadar, ioga, tai-chi e estiramentos musculares para aliviar a tensión muscular.*

FITOTERAPIA. *A medicación con plantas naturais é moi eficaz e non tan agresiva como os medicamentos farmacéuticos. Actualmente hai moitas plantas que actúan sobre a fibromoalxia, incluso para o problema do insomnio.*

«A FIBROMIALXIA é unha enfermidade crónica que ocasiona dor musculoesquelética xeneralizada ou localizada... Os tratamentos baséanse en que calquera órgano debe estar ben alimentado para poder funcionar ben».



1º CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA 2003"

MEMORIA

PARTICIPANTES:

IES "EUGENIO LOPEZ Y LOPEZ"

IES "CONCEPCIÓN ARENAL"

CEIP "ISAAC PERAL"

AA.VV. "ENSANCHE A"

MOVIM. JUVENIL MERCEDARIO DE GALICIA

CEIP "MANUEL MASDÍAS"

CEIP "MANUEL MASDÍAS"

SAN ROSENDO

ASOC. MULLERES "AMISTAD"

ASC. CULTURAL ESTUDIO TEATRO N+1

CENTRO ESPECIAL "CARMEN POLO"

CRUCEIRO DE CANIDO

MEMORIA:

O martes 17 de xuño, no Ateneo Ferrolán, tivo lugar a entrega de premios do Certame Infantil e Xuvenil de Teatro *Atenea 2003* que veu organizando esta entidade co patrocinio de Caixa Nova.

Os grupos finalistas foron 7 en total: o grupo do colexio *"Carmen Polo"* , na categoría de Educación Especial; na categoría Infantil os grupos do curso de 6º de primaria, do *"Cruceiro de Canido"*; os *"Boteiros"* e os *"Caranceiros"* do colexio Masdías e por último, na categoría Xuvenil os grupos Teatro N + 1; Teatro *"Xente Nova"*, do Concepción Arenal e Teatro *"Xaora"*, co colexio Jorge Juan, de Fene. Todos eles recibiron un PREMIO, de igual cuantía, por un total de 250 Euros e un Diploma que se entregou no transcurso dunha velada teatral dedicada a tódolos participantes de Atenea 2003.

O acto tivo dúas partes, unha dedicada ós máis novos que comenzou ás sete da tarde(19 horas) e contou coa colaboración e actuación de membros de *CircusFusión* que fixeron as delicias dos pequenos, como acto previo á entrega dos premios.

A partir das oito (20 horas), cambiaron os decorados e, dirixido ós xóvenes, tamén previo á entrega dos premios da categoría Xuvenil, o grupo de teatro do IES Rodolfo Ucha fixo a representación da obra de Belén Roca *"Mira que che digo"*.



II CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA 2004"

BASES

1 As entidades ATENEO FERROLÁN e CAIXANOVA convocan o II Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "ATENEA", dirixido a Centros Escolares e mais a Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, co fin de promover entre eses primeiros segmentos de nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica.

2 PARTICIPANTES. Poderán participar e optar ós premios que se establecen tódolos grupos teatrais, non profesionais, vencellados a Colexios Públicos e Privados, a Sociedades Culturais ou Veciñais da comarca, que se correspondan coas categorías que se establecen nestas Bases.

3 CATEGORÍAS. Establécense tres categorías para a participación neste Certame:

A) Grupos de Teatro Infantil
B) Grupos de Teatro Primaria
C) Grupos de Teatro Xuvenil
D) Educación Especial

A idade límite para participar como actor será de 20 anos.

4 CONDICIÓNS BÁSICAS.

a) Cada grupo participante só poderá presentar ó Certame unha obra.

b) A duración da representación de cada obra estará entre 20 e 75 minutos.

5 Tódolos grupos que queiran participar deberán envia-las súas solicitudes ó Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202. Aptdo. 303. CP 15402. Ferrol) nas cales farán constar os seguintes datos: nome do colexio ou entidade e da persoa responsable cos datos correspondentes ó grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espacio necesario).

6 PRAZO. O prazo de presentación para a participación no Certame remata **o 23 de xaneiro do 2004**. Co gallo de facilita-la asistencia e traballo do Xurado, xunto coa solicitude deberá achegarse unha copia do texto da obra. Os grupos, optativamente poderán presentar unha gravación da obra en formato VHS.

7 REALIZACIÓN. A representación das obras, na súa primeira fase, terá lugar nos meses de marzo, abril e maio do 2004, dentro dun programa que estará en función do número de participantes. O Xurado fará unha selección de DOUS grupos nas categorías A, B e C, así como na categoría C haberá unha selección dun só grupo. O Xurado valorará en cada representación os seguintes apartados:

a) Mellor posta en escena
b) Mellor representación

8 XURADO. O Xurado será nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e maila Caixa Nova, entre persoas representativas dos medios culturais e do ensino.

9 PREMIOS. Tódolos grupos seleccionados, como parte do Premio, actuarán na Fase Final do Certame, a celebrar entre os meses de maio e xuño, nun lugar a determinar pola Organización. Tamén recibirán unha cantidade en metálico, igual para todos polo importe de douscentos cincuenta euros (250 euros) que deberán ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas.

10 A presentación a este concurso supón a plena aceptación destas Bases. Tódolos imprevistos non contemplados nelas, serán resoltos polo Xurado sen ningún tipo de apelación.



RESULTADOS DOS VEREDICTOS DO XURADO DO 13º CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" ANO 2003

O Xurado quere facer constar o importante nivel de calidade acadado por tódolos finalistas seleccionados para este Concurso, na súa décimo terceira edición.



O XURADO deste 13º Concurso de Gaita Galega "CONSTANTINO BELLÓN", estivo composto por: D. Víctor Fernández Gabeiras, D. Xavier Rodríguez Fariñas, D. Carlos Icaza Boado, D. Xoán Rodríguez Silvar

E ACORDAN OS SEGUINTES VEREDICTOS:

O Ateneo Ferrolán acorda concede-las ***Mencións de Gaita "Constantino Bellón"*** *correspondentes ó ano 2003 a:*

1) Gaita de Prata

O Ateneo Ferrolán quere render unha homenaxe de recoñecemento, concedendo a ***Gaita de Prata "Constantino Bellón 2003"*** *á...*

ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA

...polo labor desenvolvido a prol do folclore popular galego, coa consolidación dunha das primeiras Bandas de Gaita Galega, a institución dun obradoiro de instrumentos tradicionais e a organización do Festival Celta de Ortigueira, contribuíndo a espallar e asentar o mundo da gaita e da música galega, coa mención especial ó seu fundador D. Xavier Garrote e a Xunta Directiva que o acompañou na súa primeira etapa.





2) Gaita de Ouro

O Ateneo Ferrolán acorda concede-la ***Gaita de Ouro "Constantino Bellón 2003"****, na persoa do compositor e director de orquestra...*

ROGELIO GROBA Y GROBA

...pola súa traxectoria en defensa da música galega e española.



CONCURSO COMPOSICIÓN PARA GAITA GALEGA SOLISTA. Punto nº 9 das BASES do **13º Concurso de Gaita Galega "CONSTANTINO BELLÓN"**.

Acordan, entrega-lo PREMIO de Composición para Gaita Galega Solista a...

XESÚS ÁLVAREZ LOZANO

...pola partitura para Gaita e Piano...

"Alalá e Jota da Ribeiroa"

FINAL DO 13º CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN". En Ferrol o 31 de agosto de 2003, no Auditorio FIMO de Ferrol, o XURADO cualificador do 13º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón".

Acorda outorgar dous accesits de 600 euros cada un a:


DANIEL BELLÓN GARCÍA

VÍCTOR IGLESIAS GARCÍA

Así mesmo, **Acorda** por unanimidade, concederlle o PREMIO ÚNICO de 1800 euros deste 13º Concurso de Gaita Galega a ...

AGUSTÍN SÁNCHEZ IGLESIAS

13º CONCURSO D
GAITA GALEG
2 0 0
"CONSTANTINO BELLÓ
FERROL 31 de Agosto de 2003



ORGANIZA



ATENEO FERROLÁN

COLABORAN





Concello de Ferrol





BEATRIZ PICOS, PRESENTADORA DO XIII CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

Non chega un só intento, pero tampouco o tesón é dabondo para logralo. Gañar o Constantino Bellón non é chegar e bicar o santo. Moitos intentárono nestes trece anos, pero a «ghloria» de ser o gaiteiro que mellor interpreta pezas propias e alleas só é para un cada ano, e raramente o mesmo.

Este ano mereceuno Agustín Sánchez Iglesias. Foi ó terceiro intento, aínda que xa nos anteriores fíxoo suficientemente ben como para acadar un dos dous accésit. Non sei se parte dos 1.800 euros serán para comprar outra gaita, para remendar as xeonlleiras do traxe co que se tirou ó chan ó escoitar o veredicto do xurado, ou para facer unha foliada coa familia e amigos. Pode que incluso se decida por amañar o reloxo de cadea de prata que –quizá amuleto inconsciente– colga do seu faxín.

Doce rapaces/iños –a media de idade espanta ós que rebasamos a barreira dos trinta– pasaron a criba do cada vez máis estricto xurado e fixérono co aval dunha gravación en cinta da peza obrigatoria: Esbocinchou, de Suso Vaamonde Manteiga, mestre consolidado en anteriores edicións do Bellón.

Claro que a segunda proba, a definitiva, non foi tan sinxela. Obras propias ou alleas, a maioría delas de estrea ou case –é dicir, novas achegas ó patrimonio musical da gaita galega– debían ser executadas estrictamente, como reza a partitura. Nin unha mosca distraería os implacables examinadores. Catro pares de ollos fixos nos compases da peza. Un desliz no dedo, no folgo, no sentir do gaiteiro... e á merda todo o traballo de preparación.

Ningún aplauso pode enmascarar o sentimento de ter fallado. Concursantes e xurado sábeno. Os demais mortais quedamos perplexos porque non o apreciamos, nin tampouco seremos quen de facelo ó escoitar o disco compacto gravado en directo pola Radio Galega. Para os gaiteiros supoño que os erros repetiranse nos seus miolos cada vez que escoiten o disco, alomenos ó principio. Co tempo poderán rirse dende a altura que lles confire o recoñecemento público dos méritos propios.

Catro gaiteiros de Soutelo –chegados de fóra– e oito de Galicia fixeron migas no xantar do domingo 31 de agosto. Migas de xuventude, migas de compañeiros da gaita, migas de amizade para propoñer que na vindeira edición a organización amplíe os fastos á véspera nocturna.

Santiago Molina, Bruno Villamar, Pedro Álvarez, Francisco Manuel Franco, David Bellas, Pablo Dalama, Walter Almirón, Suso Pena, Daniel Lumbreras forman parte do palmarés en que Agustín Sánchez gañou o Bellón, e nada menos que o fenés Daniel Bellón –propietario do Macallan e segundo no premio de Soutelo– levou un dos accésit, e Víctor Iglesias –co seu chaleco réplica dun que tiña Faustino Santalices– levou o outro.

Unha reflexión: o xurado é masculino (salvo a excepción de Cristina Meizoso, secretaria sen voz nin voto); os aspirantes deste ano eran todos homes (todos vestidos coas mellores galas rescatadas dos armarios dos avós de alguén); tamén hai masculinidade na entidade promotora do certame (Eliseo Zaera é a cabeza visible e Víctor Fernández Gabeiras a responsable).

Conclusión: mulleres do mundo non nos discriminemos a nós mesmas. Eu xa estou inflando o fol para ver de presentarme o vindeiro ano.



ENCONTROS DE ATENEOS

Dende hai uns anos o ATENEO FERROLÁN, representado polo seu Presidente, vén sendo protagonista de iniciativas e esforzos por artellar canles e organismos de colaboración e intercambio entre os Ateneos do Mundo.

Primeiramente nos integramos na Asociación de Ateneos de España. No ano 2001, estivemos presentes en México como socios fundadores da Asociación Iberoamericana e Filipina de Ateneos (AIFA), feito do que xa informamos nesta Revista Atenea.

Este ano 2003 houbo unha intensa actividade:
- Reunión da Asociación Española en Valencia.
- Reunión da Directiva de AIFA en Gijón.
- Encontro de Ateneos transfronterizos (España-Portugal) en Cáceres.

En **VALENCIA** o 31-05-03, o Presidente da Asociación Española que é o *Presidente do Ateneo Mercantil de Valencia*, propuxo e foi aceptada a creación de diversas comisións de traballo para dinamizar a vida da Asociación. O Ateneo Ferrolán, xunto co de Cáceres e o Marítimo de Valencia conforman un grupo de traballo para estudiar e propoñer fórmulas de relación, coordinación e intercambio de actividades entre os Ateneos.

Admítense ideas, suxestións e propostas de quen queira colaborar nesta tarefa.

En **CÁCERES** o 6, 7 e 8 de xuño de 2003: II ENCONTRO DE ATENEOS TRANFRONTERIZOS.

Deste Encontro o Presidente do Ateneo de Cáceres, Esteban Cortijo, remitiunos unha "Crónica Informal" e o resultado do mesmo poderiamos concretalo no que chamariamos:

DECLARACIÓN DE CÁCERES

Reunidos los representantes de los Ateneos abajo firmantes, con ocasión del II ENCUENTRO DE ATENEOS TRANSFRONTERIZOS, celebrado los días 6, 7 y 8 de junio de 2.003, y convencidos de que la Cultura tiene un importante valor común para todos los europeos, siendo un elemento esencial para su integración, y que contribuye a la *afirmación* y a la vitalidad del modelo de sociedad que está construyendo la Unión Europea, poniendo de relieve sus valores y raíces culturales como elementos clave de su pertenencia a una sociedad basada en la Libertad, en la Democracia y la Tolerancia.

La realidad de España y Portugal hacen necesarios estimular y favorecer el conocimiento mutuo de la cultura y la historia de ambos pueblos, incrementando los intercambios culturales con el fin de mejorar la difusión de los conocimientos y la cooperación entre los actores culturales, sin poner trabas a la participación de ateneos que sin estar fronterizos tengan proyectos de colaboración apoyados por colectivos de ambos países.

Por todo ello,

MANIFIESTAN

1) Crear un espacio de difusión cultural hispano-portugués que permita la mejora en el conocimiento mutuo como medio de afirmación y de la colaboración entre ambos países.
2) Establecer un programa de actividades conjuntas en el espacio cultural ibérico, abierto y diversificado, basado en la cooperación entre Ateneos, instituciones culturales de similares características y administraciones públicas.
3) Elaborar, presentar y solicitar ayudas para la realización de dichas actividades.
4) Crear un foro de debate en Internet (*provisionalmente en el foro de* www.ateneodecaceres.com *o en el foro* http://ateneosibericos.iespana.es) que permita, desde el día de hoy iniciar el intercambio de informaciones y opiniones, **tanto entre los ateneos firmantes como entre cualesquiera otros dispuestos a adherirse a esta iniciativa y lo comuniquen.**

Y firman el presente documento en Cáceres, a 8 de junio de 2.003 los presidentes o representantes de los ateneos siguientes:

Ateneo Ferrolan
Ateneo de Pozuelo de Alarcón
Ateneo de Salamanca
Ateneo de Valladolid
Ateneo Jovellanos
Ateneu Artístico Vilafranquense
Ateneo Ciudad de Plasencia
Ateneu Mourense
Ateneo de Castellón
Ateneo Literario, A. y C.de Cádiz
Ateneo de Cáceres

(Estuvieron, pero no en el momento de la firma: Badajoz, Mérida y Ateneo Navarro. Avisaron su llegada al encuentro, pero no estuvieron presentes, Orense y Alicante. Han disculpado su presencia y/o pedido información Lisboa, Coimbra, Porto, Madrid y Santander)

En **GIJÓN** o 21 e 25 de xuño, celebrouse o Cincuentenario do ATENEO JOVELLANOS (1953-2003).

Con esta ocasión e dentro de diversos actos, recepcións, e visitas programadas, tivo lugar a Reunión da Directiva da (AIFA) Asociación Iberoamericana e Filipina de Ateneos. O seu Presidente, o mexicano Arturo Azuela, resaltaba o papel esencial dos Ateneos: "*...somos casas de cultura regidas por el principio de diálogo constante y la tolerancia, ágoras de discusión, de fomento de la cultura y la fraternidad y tenemos por delante una etapa de renacimiento*".

O Ateneo Jovellanos entregou un diploma nomeándonos Socios de Honor a tódolos Presidentes de Ateneos que compoñen a Xunta Directiva da **Asociación Internacional** da que forma parte o ATENEO FERROLÁN.

O programa, ademais das reunións de traballo e encontros institucionais, inclúen visitas a Cangas de Onís, Covadonga, Santillana del Mar e Santander, onde os participantes foron recibidos polos Alcaldes respectivos.

O ATENEO FERROLÁN presente e participando nestes importantes encontros.

Na foto, a Directiva da AIFA. Presidente: Arturo Azuela (México); Secretario: Jaime Valenti (Madrid); Vicepresidentes: José Luis Martínez (Gijón), Henry Mejías (República Dominicana), Leonor Sarmiento (México); Vocales: Rodolfo Reyes (México), Gálvez Alexis Cópriles (República Dominicana), Eliseo Zaera Ríos (Ateneo Ferrolán)





25 DE AGOSTO DE 2003 BATALLA DE BRIÓN

Por Lois Calvo Teixo

Un ano máis temos que agradecer o esforzo da **Asociación "Batalla de Brión"** que, á última hora, a poucos días da celebración do evento e dos compromisos contraídos conseguiu o impensable e o desexable, asinar un convenio co concello de Ferrol que, aínda non sendo o idóneo, si acadou darlle a continuidade necesaria e que, para ben da nosa cidade, agardamos se consolide nos próximos anos.

Así, dese xeito, celebrouse a *2ª Recreación da Batalla de Brión* que nesta edición contou cunha meirande participación de grupos de fóra e puidemos disfrutar de desfiles, ofrendas e simulacros de enfrontamentos que destacaban pola súa beleza plástica coa variedade de colorido dos diferentes uniformes que portaban homes e mulleres da Asociación Napoleónica Portuguesa, Tiradores del Bierzo, The Royal Green Jackets, Voluntarios de Madrid, os franceses da Armée des Pyrinees, Asociación Húsares de Iberia cos seus cabalos e vistosa roupa e o Concello de Albuela.

A destacar, especialmente este último grupo, de arredor de cincuenta persoas, polas súas características de estar apoiados polo seu concello que conta coa celebración e recreación da súa batalla, en terras de Badaxoz coma un evento turístico-histórico que se celebra cada ano e que move milleiros de público, sendo unha das actividades polas que é coñecido o seu pobo e, estamos a falar dunha poboación de só 1400 habitantes.

¡ A ver si os nosos toman nota !



Loita no portalón do Castelo (Fotografía: Genma Sanz)



A BATALLA DE BRIÓN



Os invasores entran no Cast(

O 25 de agosto do ano 1800, unha flota inglesa con máis de 100 velas arribaba ás costas ferrolás nunha acción sorpresiva, para causarlle un golpe moral ao expansionismo napoleónico e mais unha baixa física á flota española; parte das súas naves atopábanse na nosa ría. O vicealmirante John Warren viña ao mando dun continxente de 7 navíos, 6 fragatas, 5 bergantíns, dúas balandras e unha goleta. Un total de 21 buques de guerra protexendo 86 transportes que contiñan 15.000 soldados principalmente de Infantería e Cabalería.

Na nosa ría estaban os navíos San Hermenegildo, Real Carlos, Argonauta, Monarca e San Agustín; as fragatas Mercedes, Asunción, Clara e La Paz; dous bergantíns, o Palomo e máis o Vivo; 6 canoneiras e outras catro en Ares, que viñeron rapidamente a defender Ferrol. En total as tropas militares eran preto de 2.000 e xunto cos voluntarios non sumaban máis de 3.000, e cuns reforzos en difícil situación para se achegaren. A situación social era realmente insostible, pois os militares non cobraban dende había 5 meses, a fame e a pobreza estaban presentes na realidade da cidade e, en xeral, a nosa praza estaba desgornecida. Á fronte dela estaba o conde de Donadío.

O día 25 era a festa do santo da Raíña María Luísa, polo que en Ferrol, os oficiais estaban realizando un acto oficial. Foi de mañá, cando o vixía de Monteventoso deu a voz de alarma, aínda que, en principio, se pensou que era unha flota que ía cara ao Mediterráneo. Pronto enfiaron cara á praia de Doniños e San Xurxo, polo que se veu claramente que era unha invasión.

Rapidamente as naves locais tomaron posición fronte toda a costa da Cabana e da Graña, chegando dende a Malata ao Vispón. Mentres os ingleses desembarcan en Doniños e uns poucos en San Xurxo. Os fortes destas praias non aguantaron nin os primeiros ataques e retrocederon os sesenta homes destas tropas para xuntárenselles aos que viñan dende Ferrol. Un primeiro grupo de militares e homes da bisbarra armados con ferramentas de labranza empezou a remontar dende a Graña cara a Balón; á fronte estaba o capitán de navío Juan Bautista Topete, un dos grandes heroes desta xesta. Pola Malata e Serantes camiñou o rexemento de Ourense, gañando as alturas da Cabana, e no medio destes dous grupos estaba o rexemento de Guadalaxara. Ó chegaren á cima, xa con noite, fixeron unhas pequenas escaramuzas contra os ingleses co fin de tentear o inimigo, que era o núcleo da forza invasora. Os ingleses sabían do pequena que era a forza ferrolá, así que comezou unha manobra envolvente, desprazándose cara a San Felipe, tentando coller a Topete de fronte pola esquerda.

Pero á súa vez Topete mandou moverse tamén cara ao castelo, así que os ingleses seguían atopándoos de fronte, con gran sorpresa, porque parecían máis dos que eran. Ademais o terreo era abrupto e arborizado, co que os defensores levaban as de gañar, e os invasores comezaron a desfacerse en pequenos grupos que eran facilmente atacados, tendo que retroceder rapidamente, cunha vintena de baixas e un primeiro golpe moral. De noite fíxose a calma, e contan que os ferroláns prenderon moitos lumes en todo o monte simulando moita máis cantidade de xente da que eran. Mais cando chegou o día, a realidade amosou un exército inglés equipado, armado e vestido como nas películas. O continxente británico facía unha fronte con centro en Balón estendéndose en ángulo obtuso cara a San Felipe e Serantes, mentres que os ferroláns eran unha aguda cuña, estirados en fila de a un pero sen fondo. Tentaban frear a baixada contra Ferrol pola Malata. Cara ao castelo non había cobertura defensiva dada a escaseza de tropas. A medida que chegaban reforzos a Ferrol de Betanzos, da Coruña, etc. eran embarcados en calquera cousa que aboiase en dirección á Graña e á Cabana co fin de reforzar a fronte de batalla. A iniciativa foi dos ferroláns, e lanzáronse sorpresivamente ao ataque, ante o que os ingleses empezaron a retroceder. A intención posterior foi de novo envolver as débiles pero orgullosas tropas locais, que ante aquel retroceso se encoraxaron, pero



Loita dentro do Castelo (Fotografía: Genma Sanz)



...lo (Fotografía: Genma Sanz)

cando se observou que había movementos envolventes, axiña se fixo unha retirada, xusto no momento en que chegaba o Batallón Inmemorial e as Milicias Reais, que foron un valioso apoio para a retirada cara á Graña. Mentres, a ala dereita, en Serantes, lograra deter o avance por este lugar, e foran reforzados polos Cazadores de Xubia, co que os ingleses atoparon unha segunda fronte de batalla na zona. Asemade os campesiños e lugareños de toda a comarca íanse unindo ás forzas defensoras xogando un importante papel que fixo retroceder as forzas inglesas, cortando o paso a Ferrol, e o apoio ao groso dos invasores centrados na zona de Balón e Brión. Todo isto desconcertou, de xeito definitivo, os ingleses, que viraron cara á Cabana onde o fogo do bergantín o Vivo acabou de poñelos no seu sitio.


A loita na Cabana, Vispón e San Felipe, fíxose corpo a corpo, e detrás de cada recuncho apostábase un ferrolán, converténdose nunha guerra de guerrillas. Os reforzos seguían chegando da Coruña, Ares, Betanzos, etc. e atravesando en dirección á Graña, a situación facíase cada vez máis angustiosa para os ingleses, que dende o alto, vían unha trasfega continua de continxentes dende Ferrol. A cabalería inglesa foi desfeita entre a espesura do bosque.

San Felipe foi sitiado por tres veces, centrando o inimigo a acción alí con catro mil homes, pero a artillería fixo efecto nos invasores, e os vencedores, dende arriba, colleron entre dous fogos aos asaltantes. Estes retroceden por fin desordenadamente. Ao mencer do 27 os ingleses empezaban a chegar a Doniños e reembarcar cada un como podía.

A media mañá os sobreviventes poñían rumbo ás costas británicas, mentres que na noite do 26, Ferrol engalánase e convértese nunha apoteósica celebración da victoria. Contan que mentres, en París Napoleón brindaba: «polos valentes ferroláns». E como nos dixo un vello de Brión, como se o vivise: «neniño, e como chegaron a Doniños...».

Datos do libro de D. Guillermo Escrigas «Ferrol Heroico». Recollido da páxina Web do Club de Montaña Ferrol : www.clubmontanaferrol.com





¡AVISO!

O Curso de PINTURA E DEBUXO que levabamos organizando dende hai máis de 10 anos e impartido por Mª MANUELA DÍAZ ORJALES, integraráse no taller que ela vai impartir na ESCOLA ABERTA DE ARTE (Rúa do Sol 11).

A razón son as obras de REHABILITACIÓN desta entidade que comenzarán en breve e teriamos que suspendelo de todas formas, así tentamos de non molestar con cambios os nosos alumnos/as.

EXPOSICIÓNS

OUTUBRO

Do 3 ó 15 de outubro

Pinturas de **JOSÉ Mª LUGILDE PENA**

NOVEMBRO

Do 31 de outubro ó 12 de novembro

Pinturas de **JOSÉ RAMÓN**

Do 14 ó 26 de novembro

Carteis sobre "A MULLER"

EXPOSICIÓN HOMENAXE A UN PINTOR FERROLÁN no CENTRO CULTURAL "TORRENTE BALLESTER"

ESTE ANO DEDICADO A

CARLOS MERINO

"EL DICCIONARIO DE LAS MARAVILLAS"

20 OUTUBRO

Ás 11,30 da mañá no Ateneo Ferrolán.

Espectáculo teatral dirixido a estudiantes de secundaria e superior. Este espectáculo tenta ser unha fusión de grandes poemas e nobres recursos teatrais, captar a atención do espectador para achegalo ó núcleo emotivo do poema. Inclúense poesías de: Rafael Alberti, Vicente Aleixandre, Bernardo Atxaga, Gabriel Celaya, Luis Cernuda, Blas de Otero, León Felipe, Federico García Lorca, J. Agustín Goytisolo, Miguel Hernández, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado,...







CINE-CLUB DO ATENEO
UNHA NOVA INICIATIVA

Un grupo de socios tiveron a iniciativa de crear no Ateneo un CINE CLUB cos obxectivos seguintes:

☒ Aglutinar ós cinéfilos e amantes do bo cine.

☒ Establecer un foro de discusión e reflexión cultural sobre o cine e as artes audiovisuais en xeral.

☒ Realizar unha función formativa-educativa a través da edición dun "fanzine" cinematográfico.

Tódolos Mércores ás 20.30 horas

¡ANUNCIARASE O SEU COMENZO!

CLUB DE TURA



Tódolos primeiros Martes de cada mes

Encontros coa LECTURA,
baixo a coordinación de ÁNXELES SEOANE
Xúntanse de 15 a 20 socios e socias
para reflexionar e comentar un libro

ENCONTROS NESTE TRIMESTRE
ás 19.30 horas no ATENEO

7 de OUTUBRO
4 de NOVEMBRO
2 de DECEMBRO

¡PÓDESTE ANOTAR!

DÍA DA NON VIOLENCIA DE XÉNERO

25 NOVEMBRO

Do 14 ó 16 de novembro, conmemorando o "DÍA DA NON VIOLENCIA DE XÉNERO", temos unha Exposición no Ateneo de CARTEIS sobre *"A MULLER"*, elaborados polas disitintas asociacións, partidos políticos, sindicatos, ... relacionados con actos conmemorativos sobre o 8 de marzo, así como alusivos á violencia de xénero, ou calquera outro destinado á reivindicación dos dereitos da muller, en tódolos ámbitos sociais e laborais ó longo da historia.

OUTRAS ACTIVIDADES

NOVEMBRO:

ACTUACIÓN DO CORO MIXTO
"A XUNQUEIRA" de San Valentín – Fene

5 DECEMBRO


MESA DEBATE sobre:
"A CONSTITUCIÓN "

18, 19 DECEMBRO

XIX XORNADAS DA GAITA

29, 30 DECEMBRO

III XORNADAS DE CURTAMETRAXES



FERROL - GIJÓN O EIXO DO MAL

Por Eliseo Zaera Ríos

Preguntaranse os lectores que terá que ver o "eixo do mal" bushniano con Ferrol e Gijón. Pois non ten nada que ver. Simplemente porque certos malintencionados personaxes do mundo empresarial e político de Ferrol intentan convencer á cidadanía coa maligna e miserable disxuntiva de que ou a Planta de Gas se instala na ría ou marcha a Gijón.

Esta aseveración é de por si perversa, no seu máis amplo sentido gramatical, e ademais sen fundamento, pois a Planta de Almacenamento de GNL do Principado asturiano soamente figura na mente dos políticos desa comunidade autonómica. Todos sabemos que este tipo de investimentos necesitan, ademais do apoio político que corresponda, o cumprimento de certas condicións.

Así, o artigo 67 da Lei 34/1998, do 7 de outubro do sector de hidrocarburos, dinos *"os solicitantes de autorización para instalacións de gas relacionadas no apartado 1 deste artigo deberán acreditar suficientemente os seguintes requisitos:*

A) as condicións técnicas e de seguridade das instalacións propostas.

B) o adecuado cumprimento das condicións de protección do medio ambiente.

C) a adecuación do emprazamento da instalación ó réxime de ordenación do territorio.

D) a súa capacidade legal, técnica e económico-financeira para a realización do proxecto.


Por outra parte , segundo a función quinta do apartado terceiro da disposición adicional undécima da mesma lei, é competencia da Comisión Nacional de Enerxía (CNE) do Ministerio de Economía, informar **no expediente de autorización** este tipo de Plantas de GNL.

Calquera lector pode consultar o último "informe de seguimento das infraestructuras referidas no informe marco e a súa cobertura ano 2002" publicado en maio de 2003 (pola CNE) no portal cne.es – "novidades" e poderá extraer os seguintes datos sobre a Planta solicitada en Punta Promontoiro:

- data de comenzo de enxeñería
  20/01/2003 (avance 35%)
- data prevista de finalización de enxeñería
  30/04/2004
- presentación de solicitude de informe de impacto ambiental ó organismo competente
  sen realizar (ver nota 1)
- presentación de solicitude de informe de autorización de instalacións ó ministerio de economía
  30/06/2003
- comenzo do tramite de información publica
  15/07/2003 (¿onde?)
- finalización do tramite información publica
  15/10/2003
- obtención de autorización medioambiental
  11/06/2001 (ver nota 1)
- data prevista de autorización
  31/12/2003 ??????????
- comezo de construcción
  31/05/2003

(Nota 1) O proxecto de Punta Promontoiro non ten a declaración positiva de impacto ambiental porque non se realizou a correspondente avaliación tal como especifican para este tipo de Plantas os (rd-lei 9/2000 e lei 6/2001). A Xunta emitiu unha declaración de efectos ambientais, non suficiente para as Plantas de GNL.

Neste sentido recordamos declaracións do Defensor do Pobo, Dirección Xeral de Protección Civil do M° do Interior e da Unión Europea, que esixen a avaliación de impacto ambiental.







«Estamos convencidos de que a Planta de GNL proposta en Punta Promontoiro non se chegará a aprobar de forma definitiva polo "órgano sustantivo" do Ministerio de Economía».

A simple vista das datas antes citadas pódense resaltar as seguintes vaguidades:

- ¿como se poden iniciar unhas obras o 31/05/2003, cando a data prevista de autorización da planta se estima emitir o 31/12/2003?

- ¿como se pode obter unha autorización medioambiental cando aínda non se realizou a correspondente solicitude?

Non é verdade o que certos periodistas de medios locais escritos din cando afirman que as Plantas de Bilbao e Sagunto están máis avanzadas que a de Ferrol a pesar de telas solicitadas posteriormente. Se se comproba o informe de seguimento citado máis arriba, pódese constatar que ámbalas plantas solicitáronse os días 05/07/1999 e 20/05/2001 respectivamente, as súas enxeñerías xa foron terminadas, a declaración de impacto ambiental obtiveso en datas 16/11/200 e 15/10/2001. É dicir, os responsables destes proxectos fixeron ben os seus deberes.

Estamos convencidos de que a Planta de GNL proposta en Punta Promontoiro non se chegará a aprobar de forma definitiva polo "órgano sustantivo" do Ministerio de Economía. E non recibirá a aprobación, non pola oposición da cidadanía de Ferrol e comarca senón pola inadecuada situación segundo as leis vixentes ó respecto e que non imos citar, xa que os lectores poderán coñecelas se relen o numero anterior desta revista.

As personalidades do mundo político e empresarial de Ferrol deberían ter un pouco máis de formación social e legal e non menosprezar o coñecemento da cidadanía xa que non estamos nos tempos en que había que obedecer ós que mandan. Pois non. Estes persoeiros deberían de pensar, de cando en vez, que o "carguiño" é para render un servicio á comunidade e non para "pelotillear" polos despachos nobres do poder.

¿Como é posible que no verán do ano 2001 se nos dixera que a Planta non podía esperar polo Porto Exterior xa que a súa construcción era urxentísima e non se podía afrontar por prazos unha reinstalación nese porto?. ¿Como é posible que se inaugure un Porto Gaseiro o 20 de setembro do ano 2001 en Punta Promontoiro cando a data de hoxe a Planta de GNL non ten a autorización definitiva? ¿Acaso non nos recordan ata a saciedade (en época de eleccións) os nosos queridos e denominados políticos que estamos nun estado de dereito?. ¿Por que esta continua manipulación e engano, coa axuda de certos medios de comunicación, en contra da lei?

O mal non está na cidadanía que insistentemente reclama que a Planta de GNL se sitúe na zona anteriormente prevista de Caneliñas. O mal está en certos políticos e nos especuladores (e seus amigos interesados) , que baixo a careta do progreso e da creación de postos de traballo pretenden de forma miserable chantaxear coa mensaxe " ou aquí ou en Gijón".

Para rematar. Temos a sospeita de que a PLANTA DE GAS, algún dos seus "trámites", tivo algo que ver no cesamento / dimisión do Conselleiro de Política Territorial. Advertimos ó Conselleiro de Industria que é moi arriscado anunciar o comenzo das obras antes de fin deste ano cando é obxectivamente imposible que se dean as condicións necesarias para iso.


¿A quen queren enganar?





NOTA

Coa revista xa no prelo coñecemos un importante relevo na cúpula de REGANOSA. ENDESA toma o timón do Proxecto o que pode ser determinante para a súa recondución.



UN RÍO DE PALABRAS

Por Agustín Fernández Paz

Ao primeiro nin sequera estaba seguro de que fose unha boa idea. Ocorréuseme vendo eses papeis con anuncios de todo tipo que a xente pega en calquera sitio visible. Ben sabes, eses que din «Ofrécese señora por horas para coidar nenos», «Sacamos a pasear o teu can», «Cerralleiros, 24 horas» e cousas así. É doado distinguilos, pois a parte de abaixo da folla está cortada formando tiras onde aparece o teléfono ao que hai que chamar. Eu pensaba que ninguén lles facía caso, pero cambiei de opinión cando vin que de moitos deles arrincaran case todos os tickets dos teléfonos.

Así que entra dentro da lóxica que se me ocorrese algo parecido cando volvín atopar un deses libros que me volven tolo. Ao rematalo, asaltoume de novo o desexo que sempre sinto neses casos: telefonar aos amigos, saír a berrar no medio da rúa, proclamalo a todo o mundo. Dicirlle á xente que non poden seguir vivindo sen ler un libro así, hai demasiada beleza nel para ignoralo.

A idea veu a min con naturalidade. Aínda non me decatara ben do que quería, cando xa estaba diante do ordenador, copiando as primeiras liñas daquela narración que me tivera absorbido nos días anteriores. Fíxeno cunha letra de corpo vinte e un interlineado xeneroso, de ningunha maneira quería que pasase desapercibido:

O día que cumprín os dezaoito anos morreu papá. Mellor dito, escolleu o día que eu facía os meus dezaoito anos para matarse, que iso foi o que ocorreu. Non foi crueldade por amargarme o cumpreanos, foi un acto de piedade para os seus fillos, o meu irmán menor e mais eu.

Imprimín vinte follas, en papel de cor. En todas elas tiven que recortar a man as tiras. Foi un traballo laborioso, pero pagou a pena. Nelas, en vez do teléfono, escribín o título do libro e o seu autor. Se a alguén lle interesaba a historia que se agachaba detrás daquelas poucas liñas, alí tiña o fío polo que tirar dela ata o remate.

Peguei as follas por todo o barrio. Como sentía algo de vergoña, erguinme cedo e coloqueinas de madrugada, antes de marchar para o traballo. Ao volver, o primeiro que fixen foi percorrer os lugares onde deixara os papeis. O corazón fóiseme enchendo de optimismo a medida que vía cortadas a maior parte das tiras. Era máis do que eu agardaba, o sinal de que as miñas mensaxes estaban xa na man doutras persoas descoñecidas.

Animado polo éxito, decidín probar de novo. Desta vez elixín as liñas iniciais dun deses libros que releo cada certo tempo, só por revivir a emoción que sentín a primeira vez:

Unha mañá, cando Gregorio Samsa espertou despois dun sono intranquilo, atopouse sobre a súa cama convertido nun monstruoso insecto. Estaba tombado sobre a dura coiraza do seu lombo e, ao erguer un pouco a cabeza, percibiu a forma convexa e pardenta do seu ventre, dividido por partes duras en forma de arco, sobre as cales a penas se podía soster o cobertor, a piques xa de esvarar ao chan. As súas moitas patas, ridiculamente pequenas en comparación co resto do seu corpo, vibraban desamparadas ante os seus ollos.

Axiña comprobei que os tickets das miñas follas desaparecían ao pouco tempo de distribuílas. ¡O sistema funcionaba! Seguín colocando novas follas cada tres ou catro días, pois quería deixar o tempo suficiente para que se puidese asimilar o efecto de cada unha. Cando cheguei á décima, decidín facer algo especial. Escollín un papel de maior calidade e, tras moitas dúbidas, seleccionei o comezo dun libro que me deixara marcado desde a primeira vez que o lera:

Se realmente queredes saber de que vai esta historia, a primeira cousa que debe interesarvos é onde nacín e como foi a miña piollosa infancia, en que andaban atarefados meus pais antes de vir ao mundo e todas esas paridas estilo David Copperfield. Pero non me sinto como para meterme niso. Ademais, non vou contar toda a miña puñeteira autobiografía nin nada semellante. Só vos contarei a loucura

«Cando atopo un deses libros que me volven tolo asaltame de novo o desexo que sempre sinto neses casos: telefonar aos amigos, saír a berrar no medio da rúa, dicirlle á xente que non poden seguir vivindo sen ler un libro así».



«Quizais acaben sendo milleiros as persoas que se animen a inundar as rúas con ríos de palabras. E entre elas, dimo o corazón, estará tamén a muller que agardo».

aquela que me pasou no Nadal, antes de me pór moi malo e ter que vir para aquí a recuperarme.

Á mañá seguinte, cando saín a colocar os meus carteis, descubrín con abraio que alguén pegara outros semellantes. Sentín unha emoción irrefreable, maior aínda cando comprobei que aquela anónima persoa se atrevera coa poesía, dándolle así unha labazada a todos cantos, equivocadamente, afirman que é un xénero minoritario:

O amor está no que tendemos
(pontes, palabras).
O amor está en todo o que izamos
(risas, bandeiras).
E no que combatemos
(noite, baleiro)
por verdadeiro amor.

Non só arrinquei un ticket, senón que, despois de pegar tamén as miñas follas, me mantiven vixilante todo o día, para ver cómo era recibida a nova proposta. Unha recepción extraordinaria, pois os tickets voaron con máis rapidez que outras veces. ¡Sentíame exultante! Agora sabía que preto de min había unha persoa disposta a compartir a emoción que tamén ela sentía ante algúns libros.

Claro que a sorpresa maior tívena o seguinte luns. Cando me erguín para colocar as follas cun novo texto, atopeime con que as rúas enteiras aparecían con papeis de cores por todos lados: nas esquinas das paredes, nos farois, nos semáforos, nas portas dos comercios... Todo o barrio estaba inundado de textos magníficos, e de tickets que colgaban tentadores baixo deles, coma os froitos maduros de árbores exóticas.

Non sei se este milagre durará sempre ou será só unha paixón de outono que desaparecerá coa chegada da chuvia. Pero algo me di que non é flor dun día, pois hai cousas que só precisan do pulo inicial para que comecen a medrar. ¿Quen sabe? Quizais este andazo se estenda á cidade enteira, quizais acaben sendo milleiros as persoas que se animen a inundar as rúas con ríos de palabras. E entre elas, dimo o corazón, estará tamén a muller que agardo, ese descoñecido amor co que espero compartir todos e cada un dos días da miña vida.



LEMBRANZA DAS FESTAS DA PARROCHEIRA

Por Juan J. Burgoa

A vida do mariñeiro
é vida de mil diablos,
pasa o día, pasa a noite,
sempre metido entre cabos .....

Na sociedade actual é innegable a existencia dun meirande interese dos cidadáns polo coñecemento da historia local e pola recuperación da propia memoria histórica. Moitas cidades, vilas e barrios de Galicia pescudan no seu pasado os seus sinais de identidade e afondan no estudio da súa historia, arte, costumes e tradicións, co convencemento de que o coñecemento integral da historia e a evolución cultural dun pobo non se pode explicar sen o estudio do pasado local.

As festas forman parte do acervo cultural dun pobo, sendo un dos seus sinais de identidade e un dos mellores indicadores da evolución dos costumes da sociedade. Na Galicia rural as festas patronais seguen un ancestral calendario estacional, axustándose aos traballos do campo e á evolución das colleitas, mentres que a Igrexa co seu particular e mantido sincretismo, foi adaptando as festividades e os rituais relixiosos ás festas profanas, ás crenzas populares e ás tradicións do lugar. Por outra banda, nas cidades e núcleos urbanos de certa entidade escóllese a época do verán como a máis propicia para a celebración das festas.

Ferrol ten como patrón relixioso a San Xulián de Antioquía, un dos santos de culto máis vedraño en Galicia, sendo tamén o patrón dos Concellos de Mugardos e Narón e de máis de cento vinte freguesías galegas e celebrándose a súa festividade, xuntamente coa da súa dona Santa Basilisa, o día 7 de xaneiro no calendario eclesiástico. Aínda que, como lembra Montero Aróstegui, os veciños de Ferrol celebraban desde tempo inmemorial a festividade de San Xulián, co paso do tempo esta festa foi perdendo relevancia na súa celebración, sendo substituída polas festas laicas e populares en honor do Marqués de Amboage, nunhas máis axeitadas datas dentro do verán.

Amais destas festas maiores da cidade de Ferrol, ao longo dos anos os seus arrabaldes e barrios periféricos (Canido, Esteiro, Ferrol Vello, Ensanches) ou as parroquias rurais e rururbanas que arrodean a cidade (A Graña, Brión, San Xurxo, Santa Mariña, Leixa, San Xoán) veñen a manter, con máis ou menos intensidade, as súas festas patronais, adaptándoas ao inevitable cambio dos costumes e dos gustos populares que orixina o paso do tempo.

En canto ao histórico barrio de Ferrol Vello, unha vez derrubado o antigo templo de San Xulián, a nova igrexa parroquial levantouse a partir do ano 1767, sendo construída nun sinxelo estilo neoclásico e poñéndoa baixo a advocación da Virxe do Socorro, á que xa tiñan unha especial devoción os veciños do barrio desde os lonxanos tempos nos que celebraban o Rosario da Aurora no antigo oratorio da devandita Virxe, existente na desaparecida Porta do Castro.


Durante moitos anos, e nun tempo non moi lonxano, tiveron gran relevancia e sona as festas de Ferrol Vello en honor da Virxe do Socorro, a popular Parrocheira. A Virxe do Socorro, que se celebra o día 8 de setembro, ten gran raizame no mundo cristián e a orixe da súa advocación débese pescudar na época medieval, cando vai ser recollida nas lendas populares, como as que aparecen nas Cantigas do rei Alfonso X o Sabio ou nos Milagros de Gonzalo de Berceo, ámbalas dúas do século XIII.



Vendedoras de sardiñas recollendo a pesca no porto. Manuel Alcázar

A súa iconografía recolle a Virxe María acudindo a salvar o Neno Xesús das garras de Satanás. Normalmente aparece coroada como Raíña do xénero humano e como Nai levando o Neno no seu brazo esquerdo, mentres ergue un rexo pao ou unha cachiporra para mallar ao Demo, que se atopa aos seus pés. Deste xeito aparece representada no reverso de moitos dos nosos enxebres e belidos cruceiros de pedra granítica,






Carroza das festas da Parrocheira (C. 1949)

singularmente nos das Rías Baixas e da Costa da Morte, e de xeito similar, socorrendo as animas do Purgatorio, amósase na fermosa e artística imaxe do século XVIII, de talla anónima, que adobia o altar da parroquial de Ferrol Vello.

A festividade da Virxe do Socorro, a popular Parrocheira, é un motivo evocador daqueles tempos pasados nos que a intensa actividade comercial que se rexistraba no porto ferrolán, coa constante carga e descarga de mercadorías nos seus barcos, o tráfego dos viaxeiros de ida e volta nas lanchas da ría e a animación da vida cidadá, reflectíase nos cafés e nas antigas rúas de Ferrol Vello e dábanlle un aire de acusada personalidade ao barrio.

Contan as vellas crónicas que as vendedoras das saborosas sardiñas da ría, nos tempos en que a ducia se cotizaba a medio real, pregoaban a súa mercancía polas rúas ferrolás e dedicaban os cartos da súa primeira venda á Parrocheira. E deste xeito,




Entrega de premios del concurso de trajes de papel. (C. 1946)

xuntando "mota a mota", reunían o diñeiro necesario para pagar as festas e, de paso, fornecer un novo vestido "de raso y lentejuelas" para a Virxe parroquial.

E así naceu a celebración da Patroa de Ferrol Vello, unha popular festividade que tiña lugar na primeira quincena do mes de setembro, cunhas festas de carácter esencialmente marítimo, celebradas arredor do peirao de Curuxeiras, enriba e na beira do auga, con comparsas de xigantes e cabezudos, animadas verbenas populares, misa de campaña e procesión marítima, regatas de traiñeiras, xogos de cucañas, fogos artificiais acuáticos e divertidos concursos de vestidos de papel.

As festas da Parrocheira tiveron os seus mellores momentos entre os anos corenta e sesenta do pasado século. O seu impulsor, e logo Presidente de Honor da Comisión das Festas, Manuel Beceiro Hermida, foi unha persoa de gran



Concurso traballos de papel. No palco figuraba a proa dun barco (C. 1947)




prestixio dentro do barrio. Nado no seo dunha modesta familia rural, formou parte da abundante nómina de emigrantes ferroláns a Ultramar, de onde retornou cunha boa situación económica. Fundador da coñecida Fábrica de Xabróns Beceiro, concedéuselle a Medalla do Traballo e aínda se lle lembra como benefactor dun barrio onde quedou a pegada da súa bonhomía e a memoria das comidas que ofrecía aos pobres durante as festas patronais.

Coincidindo coa entrada do milenio, deixáronse de celebrar as festas da Parrocheira. Din que novos aires corren polo porto, e coidamos que no se refiran só ao vento do Nordés. Non fai moito que a Autoridade Portuaria dedicou unha chea de cartos para a construcción do paseo marítimo que leva cara á Malata. Ben está que esto se faga e que se destine diñeiro para os bens de goce material dos cidadáns. Mais algúns cremos que tamén deben manterse os bens intanxibles ou inmateriais que deixaron como herdanza cultural os nosos devanceiros. Quizais algún día a Autoridade Portuaria, e o puxante mundo económico que se move arredor do noso porto, queiran emular a aqueles mecenas, dos que Manuel Beceiro foi un bo exemplo, e sexan quen de pór en marcha de novo as Festas da Parrocheira. O barrio de Ferrol Vello e a súa entusiasta Asociación de Veciños merece unha cumprida atención.

Durante máis de cen anos Ferrol estivo a celebrar as súas festas do verán arredor do día de San Ramón, facendo das populares Festas de Amboaxe un sinal de identidade e unha coñecida referencia da cidade, engarzándoas coas previas festividades da vila da Graña e do populoso barrio de Caranza a mediados de agosto, celebrando a festa da Batalla de Brión, outra referencia de nosa urbe, o día vinteseis do mesmo mes e o consolidado Concurso de Gaita Constantino Bellón, para rematar na primeira quincena de setembro coas festas da Parrocheira, nunha axeitada sucesión de festexos, que debería incluír, xa dunha vez por todas, unha Festa da Ilustración.

Xa a Corporación Municipal anterior foi quen de romper unha máis que centenaria tradición e de enterrar as populares Festas de Amboaxe, diluíndoas dentro dunhas estendidas, descafeinadas e pouco consolidadas Festas de Ferrol ao longo de todo o mes de agosto, mentres a Corporación actual rematou a faena, celebrando unhas enxoitas Festas do Verán nas anodinas e pouco convincentes datas de principios de agosto. Esperemos que os nosos edís relean un pouquiño a historia do noso Ferrol e teñan a feliz idea de recuperar (coa presencia de "raulitos", "triunfitos" e "hotelitos" ou, para algúns mellor, sen eles) aquel intelixente ciclo das nosas festividades cidadás.



Festa Parrocheira (C. 1972)

«Contan as vellas crónicas que as vendedoras das saborosas sardiñas da ría, dedicaban os cartos da súa primeira venda á Parrocheira».



CICLO INVERNAL: HALLOWEEN/ SAMAIN/VÉSPERA DE TÓDOLOS SANTOS

Por Andrés Pena

A noite do 31 de outubro comeza o ano novo celta e a súa festa en honor dos defuntos coma aínda se celebra na Illa de Man. Marcando a transición do outono ó inverno, nesta noite, un pobo con fondas crenzas relixiosas relacionadas coa inmortalidade da alma, provenientes da noite dos tempos, cunha preocupación natural polos queridos defuntos expostos ó frío e á escuridade do inverno, á intemperie e á tristura dos camposantos, buscou, e encontrou un mecanismo de reparación: preparando alimentos e agasallos ós parentes vivos para os parentes mortos, sería posible que as ánimas dos parentes finados voltasen a visitar as súas familias e as súas vellas casas para comer nas mesas e para quetarse ó carón do lume da lareira.

Simultaneamente producíanse probablemente xa a comenzos da Idade do Bronce en todo o ámbito indoeuropeo, una serie de cerimonias levadas a cabo polas confrarías de guerreiros indoeuropeos, por uns mozos de entre 14 e 22 anos de idade, uns rituais de expulsión do inverno e das forzas da escuridade, consistentes en procesións e mascaradas destes mozos armados que lucindo mortíferos estandartes ou bandeiras de trapo con representación de cobras, de pitas do monte, de cabalos, de xabaríns, de cans, etc.. e disfrazados ás veces con pelexos de animais, de lobos, de osos, de xabaríns, tentando representar ser un exercito sobrenatural así vestidos ou finxindo ser a salvaxe mesnada do Outro Mundo, do Alén, entraban nas casas, arramplaban coa comida, e facían gala de grande licencia sexual. O comportamento destes mozos é a orixe dos carnavais Europeos.

A Igrexa aceptaría, segundo J. R. Jones, a celebración do ano novo dos celtas e a súa festa en honor dos finados designando no século IX o primeiro de novembro como día de Tódolos Santos e, no século XII, ó día seguínte como día de defuntos. Os cregos tentaron trasladar, ás veces con éxito, as igrexas a tradición de levar a comida para os defuntos pervivindo este costume aínda hoxe nalgúns lugares do país. Neste contexto no século XVI repararía o inquisidor humanista e bispo de Mondoñedo, Frai Antonio Guevara na diócese de Mondoñedo:

" [...] *achamos costume en moitas partes deste noso bispado que nos mortuorios que fan, e o día dos finados, que é outro Día de Tódolos Santos comen e beben e poñen mesas dentro das igrexas e o que é o peor, poñen xarros e pratos encima dos altares facendo aparador deles. Ordenamos e mandamos que ninguén sexa ousado nos semellantes mortuorios e honras e días de finados comer nin beber nas igrexas, so pena que pague cada un dous ducados e o cura que o consinte catro*".

Estas censuras ilustran un feito incontestable: Se a Igrexa se mantén en mans de cregos do país, coñecedores dos nosos costumes, integra as tradicións ou traslada estas honras aos defuntos da casa ao templo e, de alí, ao camposanto. Máis cando o clero é alleo ó país as tradicións locais poden ser incomprendidas e perseguidas (incomodo que non parece producirse hoxe, cando o déficit de cregos e de monxas do país compénsase, consonte o ecumenismo da igrexa, coa proliferación vocacional de cregos e de monxas de África e de América, herdeiros estes, aparentemente máis sensibles coas nosas tradicións, do noso inconmensurable patrimonio eclesiástico). Esto aconteceu no século XVI cando o mencionado bispo franciscano de Mondoñedo Antonio de Guevara, inquisidor e humanista en Valencia e Granada, e bispo de Guadix, prohibira unha limpa e fonda manifestación da espiritualidade galega, perfectamente integrada como sucedía no resto do Atlántico europeo, na máis ortodoxa tradición do cristianismo celta.

No descargo do bispo de Mondoñedo don Antonio de Guevara hai que dicir que aínda que se equivocaba de pleno, sen dúbida obraba con boas intencións pois cando perseguía as nosas tradicións con amenazas e con castigos facíao porque pensaba sinceramente que estas eran de procedencia xudía ou morisca.


Por este camiño de desencontros, de non ser pola actuación providencial dos nenos e dos mozos solteiros, que encheron, reclamando a continuidade das celebracións, o espacio baleiro que as mencionadas prohibicións deixaron, estarían hoxe a desaparecerían totalmente do acervo europeo milenarios costumes de incalculable valor etnográfico .

Con disfraces de pantasmas, de diaños, de animais terribles, ou mesmo de esqueletos, os nenos portando as tradicionais cabazas acesas, adoptaron aos poucos, sen se decatar, a




O *corio* do castro de Quintá, o Val, disfrazado con pelexos e simboloxía de animais psicopompos representando unha mascarada orixe do entroido eurpeo e das historias da mesnada pantasmal









De arriba abaixo:

Idea de A. Pena debuxada polo notable artista galego D. Carlos Afonzo da Escola de Belas Artes de Sevilla. A escena, formando parte dun conxunto de accións da Fundación Terra de Trasancos, representa, encadrado na celebración do Samain no castro de Quintá, O Val (Narón), un ritual celta de expulsión do inverno, berce e alicerce, como sen dúbida ten establecido a Mitoloxía e a Etnografía comparada, dos actuais carnavais, e das lendas galegas da Sociedade do Oso e da Santa Compaña.

Ante a porta da palloza do fondo disfrazados de pantasmas os nenos, imitando aos sobrenaturais seres do alén, chaman ás portas pedindo larpeiradas, se llas dan cantan ós hospedeiros unha beizón, se non, escarnian aos antihospedeiros cunha cantiga de escarnio, son estes cantos o berce dos cantos de Nadal e de Reis que aínda perviven en moitos lugares de Galicia e de Portugal

personalidade dos seres do outro mundo, e como os seus ancestros das confrarías de guerreiros indoeuropeo, suplantando aos seus antepasados percorrían as casas das aldeas onde lles agardaban, e aínda lles agardan en moitos sitios de Galicia, as mesas postas cheas de carne, de pan, de viño, e aínda de doces e larpeiradas coma os freixós e os pixóns, agasallos que estes rapaces, para consumilos logo nas súas casas, facían desaparecer rapidamente dentro das bolsas que levaban. Demorábanse os nenos enmascarados, segundo parece, unicamente para cantar unhas cantigas de agradecemento polos agasallos e polas larpeiradas ou de escarnio no caso de que os hospedeiros tacaños (sería aquí máis apropiado emprega-lo termo "anti-hospedeiros") non lles abriran a porta, marchando logo tan axiña como entraban.

Inveterada tradición, tamén prohibida, por fortuna sen éxito, en base ás razóns arriba mencionadas, polo bispo de Mondoñedo:

"Constounos pola visita que o Día de Tódolos Santos e o día seguinte de difuntos andan tódolos mozos da freguesía a pedir polas portas e danlles pan e carne e viño e freixós e pixóns e outras cousas, e que piden así os fillos dos ricos que os pobres; e por ser máis este rito xentil que cristián, ordenamos e mandamos que, de aquí en adiante, ningún mozo vaia aqueles dous días de porta en porta a pedir senón que o beneficiado, o rector e o primicIero e outro que nomeare a freguesía pidan aquel pan e todo o demais que lles deran o repartan na igrexa o día dos finados entre os pobres e necesitados, so pena de que o pai ou a nai que enviaran o seu fillo a pedir aqueles días pague mil maravedís (...)".

O Ciclo do Inverno, como sinalara Vicente Risco, ten dobretes en Noiteboa, en Aninovo o 1° de Xaneiro e en Os Santos Reis o 6 de Xaneiro. Podemos imaxinar que como o resto dos nenos celto-atlánticos, os nosos nenos, cos cabazos ou *calacús* na man, celebran a véspera de Tódolos Santos, en inglés All Hallows Eve ou Hallowe'en, compartindo unha común tradición celta a ámbalas dúas beiras do mar, cos fillos e netos dos galegos que emigraron a América dende o século XIX, cos fillos e netos dos emigrantes irlandeses que constitúen a etnia maioritaria da población norteamericana e cos milleiros de galeses que aínda conservan a súa língua na Patagonia. Estes nenos, contra o que se vén dicindo ás veces nos medios de comunicación –lembro agora que un destes periodistas denunciantes se pretendía para si o alcume de Erasmo- celebrando o día de defuntos cos cabazos e os disfraces, non están a importar unha tradición do "American Way", senón que participan lexitimamente das tradicións milenarias celtas dos seus antepasados. ꙮ

«Se a Igrexa se mantén en mans de cregos do país, coñecedores dos nosos costumes, integrarán as tradicións. Máis cando o clero é alleo ó país, as tradicións locais poden ser incomprendidas e perseguidas».





SALVADOR ALLENDE ... 30 ANOS DESPOIS

O pasado 11 de setembro lembramos o ANIVERSARIO do asasinato de **Salvador Allende** polos golpistas de Pinochet.

Saudamos con agrado a proposta do Grupo Municipal de EU-IU, de poñer o seu nome a unha rúa de Ferrol, que foi aprobada por unanimidade no Pleno do Concello.



CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE LIBROS EN GALEGO PARA ESCOLARES DO BIERZO

Estase a levar a cabo esta campaña de recollida de libros en galego para os escolares do Bierzo:

350 estudiantes do Bierzo reciben por primeira vez ensino de GALEGO en Primaria e Secundaria, queremos lograr un Fondo Bibliográfico Básico en Lingua Galega nas escolas bercianas.

Organizan:

- *A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA*
- *ATENEO FERROLÁN*
- *FUNDAÇOM ARTÁBRIA*
- *MEDULIO*

Colaboran:

- *AA.VV. CASTELAO de Brión*
- *AA.VV. INFERNIÑO*
- *CAFETERÍA TUPINAMBA*
- *CONCELLO FERROL – CULTURA*
- *COOPERATIVA DE COVAS*
- *ESCOLA DA VACA*
- *FALA CEIBE*
- *FUNDACIÓN VÍA-GALEGO*
- *LIBRERÍA EL QUIJOTE*
- *LIBRERÍA LIMIAR*
- *SARGADELOS*
- *SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA* do Concello de Ferrol.

BALANCE DA RECOLLIDA NO ATENEO:

Cantidade	TÍTULO e AUTOR
10	"Ría de Ferrol. A Perla Ártabra", Cadernos do Ateneo Ferrolán nº 16
1	"Teatro Settaro presenta Opera Buffa" de Eduardo Fra Molinero
1	"Cando falan as buguinas" de Rosa Mª Martínez Dios
1	"Os cruceiros" de Clodio González Pérez
1	"Lisístrata" de Eduardo Fra Molinero
10	"O tío miseria e outros contos" de Henrique Labarta Pose
10	"Contiños da terra" de Manuel García Barros
10	"Catecismo do labrego" de Valentín Lamas Carvajal
10	"Coloquio en 1200 coplas" de Fray Martín Sarmiento
10	"Poesía popular galega", Popular
10	"O xabaril branco" de Tucho Calvo
10	"Refraneiro galego", Popular
10	"Aires da miña terra" de Manuel Curros Enríquez
10	"Dos arquivos do trasno" de Rafael Dieste

COLABORA TI TAMÉN: ...

¡ DOA UN LIBRO ¡





APOIO Á IRMANDADE ENTRE OS CONCELLOS DE MONDOÑEDO E FERROL


Os homes e mulleres que compoñen a comarca de Ferrol e Mondoñedo séntense vencellados por lazos históricos, culturais e espirituais dende hai máis de 1400 anos. Dende esa chegada dos bretóns, que entran por Ferrol e se asentan na bisbarra de Mondoñedo, as ligazóns entre estas dúas comarcas, así coma co resto das bisbarras que compoñen a actual Diócese de Mondoñedo-Ferrol, son fortes e permanentes.

Por iso o futuro non podemos proxectalo sen ter en conta esta experiencia configuradora do noso ser como pobo. É preciso reforza-los nosos lazos de cara ó futuro; esta é a razón pola que pedímo-la irmandade cos concellos de Ferrol e Mondoñedo, para no futuro programar encontros, xornadas e actos de todo tipo que vencellan, cada vez máis, ós dous pobos e as súas respectivas comarcas. Así mesmo, invitamos a que as cabeceiras da comarca que compoñemos este noroeste galaico se vaian asociando a esta irmandade e se cren estructuras e institucións conxuntas que expresen a nosa comuñón de sentimentos e ideais.



PRESENTOUSE O PROXECTO: PORTO ÁRTABROS

Parece unha boa idea construír un gran porto e refuxio en ARES que xa comenzou a xestarse fai un lustro. ÁRTABROS sería o motor dunha importante área económica e demográfica, cun hábitat de 1.000.000 de persoas, e que comprende as cidades de Ferrol, A Coruña e Santiago de Compostela. Sería a cabeceira dun clúster formado polo propio superporto, o da Coruña, e mais o porto de Ferrol-San Ciprián ampliado co seu porto exterior en Cabo Prioriño. As instalacións exteriores do clúster poderían captar tráficos molestos, insalubres, nocivos ou perigosos de Ferrol e A Coruña ou outros portos galegos (aínda que non sexa a súa finalidade). Os promotores presentan todo moi doado e favorable. Haberá que escoitar e coñecer máis







Aproveitamos esta REVISTA ATENEA, para darlle a noraboa a **PEDRO X. BLANCO LLANO**, o que foi responsable de comunicación da Editorial Galaxia, na súa nova andaina como responsable da secretaría técnica da FUNDACIÓN CARLOS CASARES onde lle desexamos os maiores éxitos.



LEMBRAMOS os corresponsais que VIVEN ou VIVIRON a Guerra de Iraq. Tivemos o pracer de falar co corresponsal de "La Voz de Galicia" en Iraq, **DAVID BERIAIN** que o pasado 3 de xuño impartiu unha conferencia no Ateneo titulada: *"Periodismo de guerra en Iraq. Cincuenta días en el frente"*. LEMBRAMOS tamén a **JOSE COUSO**, que se segue sen investigar e sen pedir responsabilidades ós culpables da súa morte.



DANIEL BAREMBOIN



O ano pasado 2002 celebrouse a 5ª edición do "Festival Galáctico" en JERUSALEN: músicos de elite de diversas nacionalidades, árabes, xudíos, palestinos, europeos, xuntos para facer música en zonas con graves problemas de convivencia.

OBXECTIVOS:
- chama-la atención sobre a necesidade de supera-los conflictos.
- demostrar a posibilidade de entenderse, de convivir e de facer arte por riba das ideoloxías, relixións e culturas.

Foi a directora do Festival a pianista rusa ELENA BAASHKIROVA, filla do músico Dimitri Bashkirov e muller de DANIEL BAREMBOIN.

Este extraordinario director de orquestra e mellor pianista, xunto co escritor palestino EDWARD SAID, dirixen dende hai catro anos o TALLER DE MÚSICA "O DIVÁN".

Músicos árabes, israelís e andaluces en convivencia plena preparan unha serie de concertos que este ano ofreceron en Pilas (Sevilla), Ronda (Málaga), Lucena (Córdoba) e no Teatro da Maestranza de Sevilla.

Empezaron este Festival en EE.UU. e ALEMANIA para fixar a súa sede en ANDALUCÍA dende o ano pasado.

Daniel Baremboin, arxentino de orixe xudía, pianista e director de orquestra, o mellor intérprete de piano de Beethoven, acada unha dimensión humana de difícil definición.

A sintonía coa súa dona no transcendente obxectivo de unir os pobos, de ofrecer unha testemuña impresionante diante das políticas destructivas e de confrontación permanente é certamente digna das maiores loanzas.

Dende este recuncho de Europa, e dende esta humilde REVISTA queremos deixar constancia da nosa admiración, do noso aplauso, e contribuír a que estas obras e estas figuras sexan coñecidas.



Non queremos esquecer o pasamento o pasado 25 de Setembro do 2003 do ensaista palestino, inmortal xa, EDWARD W. SAID. Nado en Xerusalén no 1935, acadou a nacionalidade estadounidense, onde traballaba como Catedrático de Literatura na Universidade de Columbia. Lúcido portavoz da causa palestina e considerado un dos máis grandes intelectuais do noso tempo, recibiu o Príncipe de Asturias da Concordia no 2002





A ANSIADA TERTULIA

Despois dun ano de intento / ensaio propoñemos ós interesados/as un plan aberto que formulamos deste xeito:

* Encontro semanal de 90 minutos para 5/8 persoas, no ATENEO.
* A temática sen fronteiras e sen máis limitacións que as nosas propias.

Pensamos que pode ser bo encher entre todos un armazón básico que poderiamos deseñar partindo de tres niveis:

* De proximidade:
  - Temas Locais
  - Actualidade Informativa


* Ámbito Xeral: Europa, o mundo.
* Os Universais: Arte, Ciencia, Técnica, Investigación, etc.

E dentro de cada nivel concretar cuestións que dependendo das circunstancias e o interese poderían tratarse e desenvolverse dun xeito ou doutro, ata chegar, se así o vemos, a encargar un estudio concreto a un equipo de traballo ou ben chamar un experto que nos dea unha conferencia, un debate público ou un estudio en profundidade.

Por exemplo, no nivel de proximidade abordariamos entre outros:



Aparcamentos
As festas de Ferrol
Ferrol e a Ilustración
A Universidade, situación, influencia, futuro
Os espacios culturais en Ferrol
A desafectación de áreas militares
A industria
A Planta de Gas
O Porto Exterior
Pasos de peóns
Os barrios
etc., etc., etc.,...



ATENEO FERROLÁN

PATRIMONIO CULTURAL DE FERROLTERRA

COLABORA – PARTICIPA
FAITE SOCIO / SOCIA

COTA MENSUAL:
ADULTOS – 6 euros
MENORES – 3 euros

COMUNICA OS TEUS DATOS (NOME, ENDEREZO, TELÉFONO, Nº CONTA BANCARIA 20 díxitos) A:

ATENEO FERROLÁN

(RÚA MAGDALENA 202-204, 1º - FERROL)

TLF.- 981.357.970

E_MAIL: a_ferrol@teleline.es

SOCIOS E SOCIAS: TEMOS QUE SEGUIR EN CAMPAÑA DE CAPTACIÓN DE NOVOS SOCIOS/AS. É O FUTURO DO ATENEO O QUE ESTÁ EN XOGO



POEMAS E MAR DE FONDO

. (Recital de poesía no Faro de Fisterra)

Homenaxe a Greenpeace

E unha terceira parte das árbores
foi queimada
e queimouse toda a herba
e morreron as criaturas do mar,
que todas tiñan vida e pereceron.

Dende os cavorcos a Gran Besta
achegáronse os mercenarios
asolagando os vales onde a labranza
era a única facenda.

Tecnócratas sen patria
galoparon sobre os Eidos
poñendo marcas no chan
porque a eles éralles dado
traer o mal ás chairas
e aos ríos.

Entón mirei a súa bandeira
que dicía Morte
e as xentes que aínda quedaban
fuxían cara vilas de línguas diferentes
que os arredaban das súas fronteiras.

Os poderosos claríns
resoaban
atronando a humildade das aldeas
e os vellos
esgazaban nos armarios
os últimos códices da sabedoría.

Dende a horixe do horizonte
un monstro rinte
fitaba para os bosques e as cortiñas,
os casais e as evesas,
os viveiros,
as hortas,
e os seus ollos eran enormes moedas.

O medo embazaba os vitrais os templos
e aínda así
víase aos indignos venderse
diante do noxo dos humildes.

Acedas escumas de veleno
traían cadáveres de gaivotas
ata a ribeira apodrecida
e o mercurio
e o cemento
e o carbónico
e o átomo radioactivo
e a alumina
andaban ceibes no caos do aire
e máis da auga que dan ida.

Nos despachos dos pazos alugados
ninguén escoitaba a razón
nin a conciencia
e catro gardas con espadas de ouro
no fundamento dos catro ventos
fendían simultaneamente
os mapas do futuro que trazaban as xentes.

Arredor da Mesa dos Banquetes
homes sen rostro
escollían viandas contaminadas
para agasallar aos pobres
e os pobres contábanse por milleiros
e tiñan fame
e morrían.

E das Aldeas entregáronlles os Libros
por man dos seus Notables
e non quixeron coñecer os libros
nin a Verdade
e a Verdade estaba escrita e avisada
e o primeiro ceo e a primeira terra
morreran
e o mar xa non era.



Salvador García Bodaño

O PARNASO



Quizais, un dia, o
noso pobo sexa un
na loita e na memoria.

Baten en gris as escumas
da punta Penencia;

vulnerables á morte,
as areas comezan un canto ledo
de sangue desatado;

Peste Prolixa de homes
que se renovan, teimudos,
fronte dos ollos vendados
desa parte de pobo clientelar
e ben mantido.

Ergo o meu puño no ar
en nome deste océano ultraxado,
en nome desta terra que me doe
máis alá do corpo,
máis alá da morte;

ergo o meu puño no ar
namentres me axionllo

e as bágoas van nacendo
de contado
ó pé desta duna negra, novamente
acoitelada.

Rosa Méndez

LEVAMOS O CREPÚSCULO TATUADO NAS CADERNAS

Levamos o crepúsculo tatuado nas cadernas,
a vixilia da bruma nas áncoras da noite,
o esvaecer do pano cinguido ao ergueito mastro,
o ensalitrado músculo estrado na entreponte.

Sucamos sobre a escuma o ventre das golfeiras,
o vendaval oufano que emerxe do horizonte,
os iris das correntes que reflicten a lúa,
os ósos areados que nos coídos dormen.

... E medramos mollados ao son da remadoira
nos vieiros silentes de cómaros salobres
entre lastras doentes, decrépitas, no pélago...

E agardamos calados a silenciada morte
-sen mirarmos os prados que verdegan a terra-
ensamblados nos dentes dos crueis calimes podres.

Alexandre Nerium



TEMPUS FUGIT

esta tarde
de mornos aires alisios
as parellas ignoran o deserto
e cóllense das mans

estraño ritual aquel:
movementos de area e tenrura
que só abandonan
nos pasos que levan a unha nova caricia

son a envexa da frustraciòn
dos amantes desamados
da octoxenaria memoria
do tren que se foi
dos asubìos do albanel,
dos poetas

TEMPUS FUGIT 2
pero nada cambia
todo fica no mesmo lugar
atemporal, inamovible

son as mesmas paisaxes
os mesmos silencios
as mesmas ondas
xa non hai parellas
enlazadas pola rúa,
nin estraños rituais
nin frustracións perversas,
nin poetas

porque nada cambia
agás os ollos
con que se vé o tempo

Modesto Fraga

En Fisterra, a 15 de xullo de 2003

Hai un día, que xa está aí,
moi próximo,
no que eu non serei galego;

está a chegar un día,
xa somentes faltan dez,
en que eu non quererei ser galego;

ese día renunciarei,
irrevocablemente,
á miña condición de galego;

ese día exiliareime,
mentalmente,
do meu país;

ese día renegarei,
voluntariamente,
da miña patria;

só será por un día
e tedes que me perdoar;

ese día de entrega de medallas,
eu non son galego.

Xosé Leira


Por: Adriana Fdez. Acedo

A ver se es quen de atopa-lo nome de 7 praias de Ferrolterra nesta sopa de letras


- Valdoviño
- Doniños
- Pantín
- Meirás
- Cobas
- Campelo
- Arés

O	C	R	Q	O	G	A	N	B
A	Ñ	E	A	R	E	S	I	F
H	C	I	N	R	O	B	T	I
O	U	R	V	Ñ	L	E	N	S
J	Ñ	V	I	O	Z	T	A	G
A	V	N	B	U	D	R	P	K
C	O	B	A	S	I	L	P	U
D	X	O	L	E	P	M	A	C
A	E	K	M	O	M	E	D	N

Coa axuda dos maiores resolve o seguinte encrucillado sobre mitoloxía galega. Terás que dar co termo axeitado ás 7 definicións correspondentes



A. O inimigo de Deus
B. Procesión das almas
C. Espírito da casa que fai estragos
D. Home que se convirte en lobo
E. Muller que fai maxia negra
F. Dona enfeitizada que se mostra nas entradas das covas peiteándose
G. Donceliñas dos castros de gran benevolencia que agochan tesouros





Solucións

XIII Certame Fotográfico "Medio Ambiente 2003"




MÁIS IMAXES


...REMIO:
...A
...Manuel Maiquez Mijares (Cadiz)

3º PREMIO:
"EL ÁRBOL Y SU PESADILLA"
de Stéphane Lutier (A Coruña)





A IMAXE



ALBERTO PORRE VIÑES (Tarragona)

Los más monos



ATENEO FERROLÁN

www.ateneo-ferrolan.org